

**DIAGNÓSTICO SOCIOECONÓMICO
DO CONCELLO DE
PAZOS DE BORBÉN**

Xaneiro de 2006

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	4
1.1 Metodoloxía	4
1.2 Apuntamento histórico	5
2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO	6
2.2 Estrutura parroquial.....	6
2.3 Entidades de poboación	7
3. RECURSOS NATURAIS.....	8
3.1 Solo	8
3.2 Características climáticas	10
A) Precipitacións	10
B) Temperaturas	11
C) Amplitude térmica	12
3.3 Vexetación.....	13
3.4 Relevo	14
3.5 Ríos	15
3.6 Zonas de interese natural	16
4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO	18
4.1 Patrimonio histórico e arqueolóxico	18
4.2 Patrimonio arquitectónico	19
4.3 Patrimonio etnográfico	20
4.4 Recursos turísticos.....	22
5. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	25
5.1 Planeamento urbanístico vixente	25
5.2 Infraestruturas de comunicación	26
5.3 Centros educativos	26
5.4 Servizos sociais.....	27
6. POBOACION E VIENDAS.	28
6.1 Efectivos poboacionais.....	29
A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial.....	29
C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia	31
D) Poboación segundo nacionalidade	32
E) Evolución demográfica.....	33
6.2 Estrutura da poboación.	34
A) Pirámide de poboación.....	34
B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade	35
C) Idade media da poboación	36
E) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil	37
F) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento	39
A) Nacementos, casamentos e defuncións.....	40
B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade	41



C) Saldo vexetativo	43
6.4 Movements migratorios.....	44
A) Emigración.....	44
B) Inmigración.....	46
C) Saldo migratorio	48
6.5 Nivel de formación da poboación.	50
A) Nivel de estudos da poboación	51
B) Taxa de analfabetismo	52
C) Tipo de estudos da poboación	53
D) Lugar de estudo da poboación.....	54
E) Educación non universitaria	55
6.6 Vivenda.	55
7. MERCADO DE TRABALLO.....	59
7.1 Actividade	62
7.2 Ocupación	64
7.3 Desemprego	70
7.4 Promoción do Emprego	75
A) Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego.....	76
8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS.....	78
8.1 Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento.....	79
A) Nivel de renda.....	79
B) Outros parámetros de desenvolvemento	81
8.2 Sectores produtivos e actividade económica	83
A) Sector primario	85
9. TERCEIRO SECTOR	95
10. DAFO XERAL DE PAZOS DE BORBÉN.....	96



1. INTRODUCCIÓN

1.1 Metodoloxía

O presente documento de traballo inclúese dentro da medida “Desenvolvemento do territorio” que integra o actual proxecto de UPD. O obxectivo desta medida é poder implantar estratexias e proxectos que traten de potenciar aspectos específicos e xerais dun territorio. As accións relacionadas con esta medida están dirixidas a obtención de información, investigación e análise do contorno de cara a definición de proxectos.

Este traballo é unha desas accións e ten como obxectivo servir de instrumento que fundamente calquera estratexia de actuación no territorio e tomar decisións en materia de desenvolvemento e emprego a raíz da análise pormenorizada do espazo socioxeográfico. Para acadalo definiuse a realización dunha Análise e Diagnóstico do Territorio (no sucesivo, ADT) de cada un dos concellos da MAIV, nos que a través de diferentes fases se obteña unha visión o máis axustada posible sobre as potencialidades do territorio, e neste caso, do concello de Pazos de Borbén.

A través das seguintes páxinas descríbense os resultados da primeira das fases do diagnóstico que se inclúen nos ADT, correspondente co inventario de recursos e elementos valorizables existentes no concello. Esta é unha análise detallada do territorio a través dos elementos que integran o sistema social, cultural, natural, e económico, permitindo ver os usos que del se fan.

A sistematización da información agrúpase en 10 temáticas, que inclúen una serie de indicadores. As 10 áreas nas que agrupamos a información son:

- ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO
- RECURSOS NATURAIS
- RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO
- ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS
- POBOACIÓN E VIVENDA
- MERCADO DO TRABALLO
- ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS
- TERCEIRO SECTOR
- ANÁLISE DAFO
- PROPOSTAS DE DESENVOLVEMENTO E ACTUACIÓNS NO EIDO DO EMPREGO

Os datos obtivéronse do Instituto Galego de Estatística (IGE), do Instituto Nacional de Estadística (INE), de diversas fontes públicas e privadas e do propio concello de Pazos de Borbén. A partir desa información, creáronse bases de datos e obtivéronse indicadores que facilitan o coñecemento do territorio no seu conxunto. Así mesmo a análise complementase coa comparación dos datos obtidos



para Pazos de Borbén cos da AMV, Pontevedra e Galicia, de xeito que se comprenda mellor a evolución histórica, o momento actual e o futuro do concello.

A segunda fase do presente ADT, consistirá nunha análise cualitativa a partir da consulta aos técnicos dos concellos e doutras persoas representantes do territorio nos seus diferentes ámbitos. O obxectivo é ampliar a información existente nas fontes consultadas e sistematizada neste documento coas percepcións dos axentes socioeconómicos que actúan no territorio. Para acadar esa información, deseñaranse ferramentas para a recollida de datos, dirixidas ás persoas que se identifiquen relevantes para a análise.

O inventario de recursos complementábase cunha análise DAFO e cunha primeira achega de propostas de desenvolvemento e actuacións concretas no ámbito do emprego.

Por último, e para completar o ADT do concello de Pazos de Borbén, os axentes implicados no seu desenvolvemento, revisarán o traballo realizado, de xeito que, ao incorporar as súas achegas ao documento e baseándose no seu coñecemento e implicación co territorio, as propostas e conclusións obtidas resulten máis axustadas realidade do concello.

1.2 Apuntamento histórico

Durante o antigo réxime o concello permanece dividido entre as xurisdicións de Redondela Nova, señorío do arcebispo de Santiago de Compostela, e Soutomaior, señoría do duque de Soutomaior, pertencentes á provincia de Tui.

A proclamación da Constitución de 1812 supuxo a abolición do réxime señorial e a súa substitución por unha administración municipal do territorio. Daquela produciuse a creación do concello, pertencente ao partido xudicial de Redondela, e en 1822, coa división de Galicia en provincias, incorporouse á de Vigo.

A derogación da Constitución de 1812 por parte de Fernando VII en 1823 supuxo a supresión destes concellos e a restauración do réxime señorial.

A definitiva recuperación do municipalismo produciuse en 1835, e o concello integrouse na provincia de Pontevedra. En 1844 o concello modificou a súa capitalidade (de Borbén a Pazos) e o seu nome (de Borbén a Pazos de Borbén).

Sempre pertenceu ao partido xudicial de Redondela, agás no período 1965-1988, cando pertenceu ao de Vigo.

A finais do século XIX agregóuselle a parroquia de Ermida, que fora segregada da de Pazos.





2. ENCADRE TERRITORIAL E ADMINISTRATIVO

2.1 Situación do concello dentro da MAIV e da provincia de Pontevedra

O concello de Pazos de Borbén localízase no suroeste da Comunidade Autónoma de Galicia entre as coordenadas xeográficas 42° 20' 50'' Norte, 42° 15' 37'' Sur, 8° 29' 13'' Leste e 8° 36' 20'' Oeste.

Administrativamente pertence á provincia de Pontevedra, situándose no centro-Leste da mesma. Pertence ao Partido Xudicial de Redondela e á Diocese de Tui, arciprestados de Oitaven e Redondela.

Limita ao Norte cos concellos de Soutomaior e Fornelos de Montes, ao Sur cos de Mondariz e Mos, ao Leste con Fornelos de Montes e Mondariz e ao Oeste con Redondela.



A súa superficie é de 50 km² ao longo da que se reparten oito parroquias na que se distribúen un total de vintenove entidades menores de poboamento.

O concello sitúase no Nordeste da Área Metropolitana viguesa, presentando altitudes que oscilan entre un mínimo de 95 metros no Oeste do territorio, na parroquia de A Ermida, e os 675 metros que se acadan no Sur no lugar coñecido como Castelo do Galo, na parroquia de Nespereira.

2.2 Estrutura parroquial

A superficie do concello de Pazos de Borbén estrutúrase en torno a oito parroquias que albergan un total de vintenove entidades menores de poboación. Segundo a extensión que presentan, a parroquia máis grande é a de Santiago de Borbén, na que existen un total de catro núcleos de poboación. Séguena, segundo o tamaño, San Sadurniño de Amoedo con catro entidades de



poboación, San Martiño de Nespereira con oito, San Pelaio de Moscoso con tres, San Salvador de Xunqueiras con catro, Nosa Señora da Asunción da Ermida cun so núcleo, San Pedro de Cepeda con tres e Santa María de Pazos con catro entidade de poboación.




As características do relevo déixanse notar nos asentamentos e no volume de poboación afincada en cada parroquia. Así, apreciase como as parroquias de Nespereira, Amoedo e Borbén son as que presentan un maior número de habitantes debido, en parte, a que son os lugares onde se rexistra a altitude máis baixa do concello, aproveitando a poboación os vales dos cursos fluviais para asentarse neles. No caso da parroquia de Nespereira, a meirande parte da poboación aséntase no extremo suroccidental da mesma onde se rexistran os puntos altimétricos máis baixos. Pola contra, Xunqueiras e a que presenta un menor número de habitantes, froito do seu carácter máis montañoso, ao igual que na parroquia de Cepeda. A excepción está na parroquia de A Ermida, que a pesares de presentar unha altitude relativamente baixa posúe pouca poboación.

2.3 Entidades de poboación

Das vinte e oito entidades menores que se recollen dentro do termo municipal de Pazos de Borbén, no lugar de Pazos, na parroquia do mesmo nome, é onde reside a capitalidade municipal, sendo este núcleo o que recolle un maior número de habitantes, ademais de albergar unha maior actividade económica e comercial.

Os núcleos máis poboados localízanse espallados por todo o territorio, asentándose en vales fluviais ou en lugares onde a pendente do relevo non é moi acusada. Así, destaca o núcleo de Pazos, capital municipal, como o máis poboados, asentándose na vertente occidental do val que




conforma o rego de Riamonte. Ségueno os núcleos de A Igrexa (Amoedo) e Gorgoreiro (Moscoso) situados en zonas cunha altitude media e unha pendente baixa. Tamén destacan os núcleos de Alvite e O Outeiro (Nespereira) e O Pousiño e Cuartos de Borbén (Borbén), os dous primeiros situados no extremo Oeste da parroquia no val do río Nespereira, mentres que os dous últimos se sitúan en ambas as dúas vertentes que conforma o río Borbén.

Os núcleos menos poboados tamén se atopan repartidos por todo o concello destacando o de O Galleiro, situado ao Sur, na parroquia de Nespereira, onde o concello presenta as máximas elevacións do terreo. Tamén destacan os núcleos situados dentro da parroquia de Xunqueiras pola seu escaso número de habitantes, ao igual que os de O Campiño e Alén na parroquia de Cepeda.

3. RECURSOS NATURAIS

3.1 Solo

A meirande parte do concello de Pazos de Borbén presenta un solo no que dominan os granitoides de dúas micas, material cunha composición similar a do granito pero que se caracteriza pola súa fácil exfoliación en láminas delgadas e flexibles, estando presente en toda a metade Norte e no terzo Sur do territorio. Polo centro Sur atravesa o concello cunha dirección SSL.-NNO. unha pequena franxa de lousa, xistos, pedras de gra, rochas calcarias, ampelitas e liditas, ensanchándose a medida que vai atravesando esta parte do territorio. Así mesmo, dende o Oeste do concello penetra unha outra franxa destas características ata a metade da parroquia de Amoedo na mesma dirección que a anterior. Esta franxa ven a formar parte do chamado Complexo Cabo D'Home-A Lanzada. O extremo SO. é ocupado por unha pequena franxa de Serpentinitas, metabasitas e metavulcanitas ácidas (Metasedimentos setentrionais), tamén pertencentes ao mesmo conxunto estrutural que os metasedimentos do Complexo. Cabo D'Home-A Lanzada.



As formacións Cuaternarias son escasas, compoñéndose de depósitos detríticos coluvio-eluviais procedentes da disgregación e alteración da rocha xistosas, gneísicas e graníticas e que se concentran nas zonas dos cursos fluviais dos ríos Nespereira, Alvedosa e Pequeno.




En xeral, o concello está situado dentro dun contexto litolóxico dominado polas rochas ígneas con predominio do granito de dúas micas.

No que se refire aos usos do solo, a maior parte da superficie do concello de Pazos de Borbén é ocupada por prados en maioría e cultivos así como por bosques de especies foráneas, eucaliptos e piñeiros, que xeralmente aparecen asociados entre eles ou con frondosas, aínda que tamén poden aparecer como especies dominantes en solitario en pequenas extensións. As especies autóctonas apenas presentan importancia, limitándose a súa presenza ao SL. do concello no entorno das ribeiras do río Barragán.

As maiores extensións de solo son ocupadas por bosques mixtos de piñeiros e eucaliptos, que se atopan repartidas por todo o territorio sendo máis frecuente a súa presenza no Oeste e na metade Sur do concello. Segue en importancia a superficie ocupada por bosques mixtos de piñeiros, eucaliptos e caducifolias, destacando a súa presenza no Norte do concello nunha franxa que abarca as parroquias de Pazos, A Ermida, Moscoso e Xunqueiras. Tamén aparece no Oeste da parroquia de Borbén, mentres que no Sur non existe ningunha superficie ocupada con estas formacións arbóreas.

De importancia tamén é a extensión ocupada por prados en maioría, que soen aparecer asociados a distintos cultivos, repartíndose por toda a superficie municipal, aínda que teñen maior presenza no centro, Sur e Oeste. Destaca a superficie que ocupan estes prados en maioría asociados a cultivos anuais e viñedos, que ocupan unha maior extensión nas parroquias centrais e do Leste, mentres que nas Occidentais e do Sur apenas ten repercusión. Tamén resalta a superficie ocupada polos solos destinados a cultivos anuais en maioría de viñedos, sendo frecuentes nas parroquias situadas no Oeste (Amoedo, Cepeda e Nespereira), motivado polas mellores condicións climáticas, estando vinculadas á proximidade das cuncas fluviais. A superficie de prados en maioría asociados a cultivos anuais e especies madeireiras ocupa unha superficie moi inferior respecto ao resto de prados e cultivos, aparecendo soamente nas parroquias de A Ermida e Borbén.



O solo ocupado por mato ten especial importancia no centro Sur do concello, mentres que no N. apenas non existe superficie algunha con este tipo de ocupación de solo.




Como usos do solo menos frecuentes pódense atopar as zonas destinadas a mato pasteiro, que pode estar situado sobre rocha, e que ocupan pequenas superficies repartidas por todo o territorio, sendo máis frecuentes nas parroquias do Norte (A Ermida, Moscoso e Xunqueiras). Tamén ocupan solo nas parroquias meridionais de Cepeda e Nespereira aínda que cunha superficie moi inferior á do Norte, destacando nesta última a extensión que ocupa o mato pasteiro sobre rochedo no Leste da parroquia, coincidindo coas máximas elevacións co concello.

A superficie ocupada polas árbores caducifolias presenta unha extensión moi pequena, limitándose a súa presenza ao Leste municipal, parroquias de Moscoso e Xunqueiras, na vertente Oeste do val que conforma o río Barragán. Os prados e as zonas industriais, comerciais e de servizos son as que menos superficie de solo ocupan. Os prados aparecen en pequenas áreas nas parroquias de Amoedo e Moscoso, mentres que na de A Ermida esta extensión é máis grande localizándose no entorno do río Pequeno. Respecto ás zonas industriais, comerciais e de servizos unicamente destaca a superficie edificada na parroquia de Nespereira, entre os núcleos de Alvite e Barcenal, na parroquia de Amoedo o núcleo de A Igrexa; e na parroquia de Pazos no núcleo do mesmo nome.

3.2 Características climáticas

A localización xeográfica que presenta o concello de Pazos de Borbén, entre a Dorsal Occidental Galega e a Depresión Meridiana, xunto coas súas características topográficas fan que esteamos diante territorio que se englobada dentro dun dominio climático oceánico húmido con tendencia á aridez estival. As temperaturas son suaves durante todo o ano cunha media que rolda os 14°C, mentres que as precipitacións tamén son frecuentes e abondosas ao longo do ano, agás nos meses de verán, destacando a metade Norte do municipio cun clima benigno que na metade Sur.

A) Precipitacións



A localización xeográfica e as características topográficas do concello de Pazos de Borbén provocan que as precipitacións sexan frecuentes e abondosas ao longo do ano cun total de auga de choiva recollida que rolda os 1.400-1.600 mm., coas variacións correspondentes segundo o lugar do concello no que nos atopemos. A proximidade ao Océano Atlántico favorece a chegada de masas de aire húmidas que, a medida que ascenden en altitude forzadas pola progresiva elevación relevo, descargan a auga en forma precipitación ao seu paso por este concello. Deste xeito, o relevo eríxese tamén como determinante, aumentando o volume de



precipitación recollida a medida que o terreo ascende en altitude, namentres que nos puntos máis baixos, a auga de choiva recollida é inferior.

No NO. da parroquia de Moscoso as choivas recollidas poden acadar os 1.800 mm., coincidindo co punto máis elevado no chamado Couto da Casa Vella. Pola contra, próximo a este punto e en dirección SO., no NL. da parroquia de A Ermida, as precipitacións recollidas apenas superan os 1.300 mm. no entorno do val do río Pequeno, lugar onde se rexistran as elevacións máis baixas do concello.


Na metade Sur existe unha franxa que parte dende o centro do municipio cunha dirección SSL.-SO., afectando ao Leste da parroquia de Cepeda, Oeste da de Borbén e NL.-SO. da de Nespereira, no que as precipitacións recollidas varían entre os 1.600-1.800 mm. No extremo Sur, coincidindo co SL. da parroquia de Nespereira, acádanse preto os 2.000 mm. no Couto das Cercas. Pola contra, no Oeste desta mesma parroquia nunha franxa moi estreita que vai de N. a S., as precipitacións recollidas volven descender ata os 1.200-1.400 mm. anuais.

Por estacións, a época de maior pluviosidade localízase nos meses de outono e inverno, recolléndose preto de 500 mm. en cada unha delas, namentres que o verán é a estación na que se recolle unha menor cantidade de auga, onde apenas se superan os 200 mm. Por meses, os de novembro, decembro e xaneiro son nos que se producen as maiores precipitacións, namentres que nos meses de xuño, xullo sobre todo e agosto, son nos que se recolle menos cantidade de auga de choiva.

B) Temperaturas

A temperatura media do concello de Pazos de Borbén, ao igual que pasa coas precipitacións, vense afectadas polas características do relevo, pero en vez de aumentar van descendendo a medida que aumenta a elevación do terreo.

A temperatura media anual do concello está entorno aos 14°C, aínda que varía dependendo do lugar do concello no que nos atopemos. Así, na metade N. do municipio o clima está sometido a poucas variacións presentando unha temperatura media que oscila entre os 14°C e os 15°C. Soamente nas vertentes dos vales fluviais que ascenden en dirección O., como no O. e N. da parroquia de Amoedo e no extremo S. da de Pazos, a temperatura media anual que supera os




15°C. Na metade S. do concello as variacións climáticas son máis frecuentes. Así, o centro Oeste da parroquia de Borbén e atravesada de N. a S. por unha franxa onde a temperatura media anual supera os 15°C., coincidindo de novo coa vertente O. do val que forma o río Borbén. No resto deste espazo, a temperatura media vai descendendo a medida que o terreo aumenta en altitude, destacando os 13-14°C de media que se recollen no L. De Borbén e nunha cunha dirección NL.-SO. que atravesa as parroquias de Cepeda e Nespereira.

Por estacións, o verán é a época que presenta unha temperatura media máis elevada chegando a acadar os 19°C., seguido da primavera cunha media que oscila entre os 16-17°C, o outono con 12-13°C e por último o inverno onde apenas se superan os 8°C. Os meses máis calorosos son os de xullo e agosto, nos que se acada unha temperatura media que pode chegar a superar os 20°C, namentres que os de meses de xaneiro e febreiro son os máis fríos cunha temperatura media e oscila entre os 6°C e os 9°C.

C) Amplitude térmica

A amplitude térmica anual indica a diferenza existente entre a temperatura media máxima e a temperatura media mínima acadada ao longo dun ano. As características do terreo eríxense como factores primordiais á hora de avaliar os contrastes de temperatura, xa que é un dos principais factores que incide no aumento ou descenso da oscilación térmica segundo o lugar do concello no que nos atopemos.




Tal e como se pode apreciar no mapa anexo, diferéncianse basicamente dúas zonas. Unha central, a través dunha franxa estreita e cunha dirección NO.-SL., que ven a coincidir coa Depresión Meridiana que atravesa o concello nesta mesma dirección, que se corresponde cos vales que conforman os ríos Pequeno e Borbén, e que presenta unha amplitude térmica anual que oscila entre 12,5-13,5°C. A outra zona estaría composta polo resto do territorio, que presenta unha amplitude térmica que varía entre os 13,5°C e os 14,5°C, agás en pequenos puntos como no extremo O. da parroquia de Amoedo ou no NL. da de Moscoso, coincidindo no primeiro caso cunha elevación que supera os 400 m. de altitude, mentres que no segundo esta oscila entre os 250 e os 350 m.



3.3 Vexetación

A superficie de bosque que presenta o concello de Pazos de Borbén non acada a hectárea por habitante. Por todo, o concello amosa un complexo mosaico vexetal no que se representan toda clase de formacións forestais.

Destaca no conxunto do territorio a extensión que ocupan os bosques de eucaliptos (*Eucalyptus globulus*), ocupando preto de unha quinta parte. As maiores extensións desta formación localízanse na metade Setentrional así como no centro Oeste. No S. tamén teñen presenza aínda que a superficie ocupada é inferior. Tamén destaca a extensión dedicada a uso agrícola, semellante á ocupada polos eucaliptais. Aínda que este tipo de uso ten presenza en todas as parroquias, é na súa parte central onde a concentración é maior, destacando a superficie que ocupa nas parroquias de Borbén e Amoedo. Seguen en importancia as formacións de *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*, que igualmente aparecen expandidas por todo o territorio. Destaca a súa maior concentración no L., nas parroquias de Xunqueiras e Borbén, así como no centro Oeste aínda que de forma máis dispersa.



Menor extensión presentan as superficies ocupadas polo monte desarborado e polo mato ralo e disperso. A primeira das formacións aparece igualmente repartida por todo o concello, aínda que as maiores extensión localízanse no SL. da parroquia de Nespereira e no O. da de Amoedo. O monte ralo e disperso concentra as maiores extensións por toda a franxa oriental da parroquia de Borbén e polo N. da de A Ermida, habendo tamén presenza desta formacións, aínda que cunha menor superficie ocupada, nas parroquias de Moscoso, Xunqueiras e Amoedo.

As formacións de *Pinus pinaster*, en solitario ou asociada con *Eucalyptus globulus* e *Quercus robur*, ocupan unha superficie inferior á do monte desarborado. No caso do *Pinus pinaster* en solitario, a súa localización concéntrase principalmente nas parroquias de Borbén e Cepeda, mentres que en Amoedo a súa extensión presenta escasa importancia. No caso da superficie ocupada por esta formación forestal asociada a *Eucalyptus globulus* e *Quercus robur*, a súa maior extensión localízase na parte central do territorio, habendo tamén pequenas superficies deste tipo de formacións no



centro e SO. da parroquia de Xunqueiras, S. da de Moscoso, NO. da de A Ermida, centro da de Amoedo e S. da de Borbén.

As formacións vexetais autóctonas e caducifolias son as que menor presenza teñen dentro do concello, localizándose exclusivamente na súa parte nororiental. Así, atopamos pequenas superficies de *Quercus robur* nas parroquias de Amoedo, A Ermida e Xunqueiras, aparecendo o resto destas formacións asociadas con outras especies foráneas como os piñeiros e os eucaliptos, na parroquia de Moscoso e con escasa importancia na de Xunqueiras. De igual modo, as árbores de ribeira ocupan unha superficie moi limitada centrándose na parroquia de Borbén no val que forma o río homónimo.

No S. aparece un pequeno espazo asociado ao curso do río Nespereira, cunha dirección NL.-SO., e considerado como brañal, namentres que as únicas zonas de solo improdutivo se localizan nas parroquias do Oeste, coincidindo cos núcleos de O Areeiro (Nespereira), A Igrexa (Amoedo) e A Ermida.

A nivel xeral, a vexetación do concello de Pazos de Borbén pertence á serie colina Galaico-Portuguesa acidófila do roble (*Rusco aculeati-Querceto roboris sgmentum*), correspondéndose cunha situación ideal de bosque denso de carballos (*quercus robur*), rebolos (*Quercus pyrenaica*), castiñeiros (*Castanea sativa*), acivros (*Ilex aquafloium*) e loureiros (*Laurus nobilis*). Sen embargo, na actualidade estas formacións teñen unha presenza reducida no concello, limitándose a pequenas manchas en forma de cuberta vexetal, predominando as formacións vexetais de crecemento rápido (piñeiros e eucaliptos) cunha clara vocación forestal, ben sexa en masas puras, mixtas ou como invasoras como das formacións vexetais autóctonas.


3.4 Relevo

O concello de Pazos de Borbén localízase no bloque litoral nun espazo situado entre a Dorsal Occidental Galega e a Depresión Meridiana.

O seu relevo pódese estruturar en tres partes: os relevos montañosos prelitorais, constituídos por unha serie de aliñacións montañosas, con altitudes medias que oscilan entres os 300 e os 650 m., sendo maiores canto máis ao S., destacando o Pico da Serra con 631 m. e o Galleiro con 630 m. Cara a parte occidental as elevacións van diminuindo.

A falla central, pola que se encaixou o río Borbén, e que se corresponde coa chamada Depresión Meridiana, se caracteriza polo seu estreitamento e por presentar unhas altitudes comprendidas entre os 100 e os 300 m. existindo na súa parte central un pequeno outeiro que marca a liña da divisoria de augas a partires da que os ríos situados cara o N. verten as súas augas no Oitaven, namentres que os que van cara o S. pertencen á cunca do Miño.





A terceira parte estaría formada polos contrafortes occidentais da serra do Suído, no L. do concello, sucesión de pequenas cotas con altitudes que apenas superan os 400 m. e que delimitan a Depresión Meridiana polo L. ata chegar ao curso do río Barragán.

A parroquia que presenta maiores contrastes é a de Nespereira, na que o terreo experimenta un ascenso continuado de O. a L. ata acadar as maiores altitudes do concello. As parroquias centrais están formadas por vales fluviais, pertencendo as de Borbén e Pazos ao do río Borbén, que conforma un val aberto e simétrico, mentres que a de A Ermida pertence ao do río Pequeno, val máis pechado. En todos os casos os

vales presentan unha dirección N.-S. aumentando a altitude do terreo cara os seus rebordos. A parroquia de Moscoso é na que o terreo presenta menos contrastes, existindo zonas máis aplanadas e con menores pendentes.

3.5 Ríos

A rede hidrográfica do concello de Pazos de Borbén está condicionada pola tectónica (forma do relevo), articulándose o concello en dúas cuncas fluviais. Así os cursos fluviais do N. do municipio pertencen á cunca do río Oitaven, mentres que os do centro e S. pertencen á cunca do Miño.

A maior parte dos cursos fluviais que regan as terras deste concello teñen as súas propias fontes neste mesmo territorio, presentando na súa práctica totalidade unha dirección N.-S., a excepción dos pequenos afluentes que descenden polas vertentes dos vales de forma perpendicular aos ríos principais e que presentan unhas dirección L.-O. ou O.-L.



A meirande parte do territorio está regado por algún curso de auga, a excepción dunha franxa na parte central cunha dirección NL.-SO. e que corresponde á existencia da liña de cumes que exerce



de divisoria de augas. A nivel local destacan os ríos Barragán e Borbén, que presentan unha dirección N.-S., exercendo o primeiro de límite natural co concello de Fornelos de Montes, e o Nespereira, cunha dirección NL.-SO. A eles van verter as augas a meirande parte do resto dos cursos fluviais. Así, o río Borbén recibe as augas do río do Pozo Negro e dos regos de Riamonte e Asemonde; mentres que o Nespereira recibe as augas de pequenos regos.

Por parroquias, pódese dicir que as máis beneficiadas pola presenza de numerosos cursos de auga son as de Borbén e Nespereira, que ademais de contar con dous dos principais cursos fluviais, dispoñen de numerosas afluentes que abarcan a meirande parte destas parroquias e que en moitos casos teñen as súas fontes nelas. Tamén ten importancia a rede hidrográfica na parroquia de Amoedo, na que destaca o río Pequeno, cunha dirección S.-N., co seu afluente que leva unha dirección NL.-SO. e que ten as súas fontes na parroquia de Moscoso.

En xeral, o concello amosa unha riqueza hidrolóxica que se deixa notar na existencia de numerosas fontes que conforman a cabeceira dos pequenos regos que acaban vertendo as súas augas aos cursos fluviais maiores. Os ríos máis importantes localízanse principalmente no S. do municipio, presentando unha dirección N.-S., agás o Barragán que se localiza no Oeste pero cunha dirección S.-N. A rede hidrográfica restante componse por pequenos cursos fluviais de escaso caudal e lonxitude.

3.6 Zonas de interese natural

No concello de Pazos de Borbén apenas atopamos espazos de interese natural. A acción do home sobre o terreo provocou unha modificación das características naturais e vexetais do mesmo.


Este feito leva a que no entorno do concello apenas se conserven espazos e especies naturais de especial relevancia, sendo substituídas no caso da vexetación por especies forestais foráneas de crecemento rápido, ou por unha utilización agrícola do solo.

A pesares da escaseza de espazos naturais, a fauna do concello aínda presenta un importante valor de entre as que podemos destacar especies como a rata de auga, a musaraña colicuadrada, a lavandeira branca e a lavandeira cascañeda, o sapiño pintoxo, a ra verde e o tritón ibérico, que atopamos nas zonas de ribeira; nas zonas de bosque mixto podemos atopar xineta e a donicela, rateiros comúns, azores, gabiáns, mouchos chicos, cucos e zorzais comúns. Nas zonas de piñeiros soen habitar coellos comúns, raposos, carboeiros comúns, rulas, azores, gabiáns, pitos reais, etc. Nas áreas de monte baixo predominan especies como os xabarís, os coellos, lagartos, etc., mentres que nas praderías destaca especies como as toupas comúns, ratos de campo, raposos, xabarís, perdices, rateiros comúns, sapos comúns, e escánceres, entre outros.

No referido aos valores ecolóxicos, medioambientais, e paisaxísticos, o concello de Pazos de Borbén presenta graves degradacións no seu territorio. Presenta unha ampla riqueza fluvial así como



importantes zonas arboradas con grande cantidade de especies autóctonas e que nalgunha delas presenta boas vistas, polo que destaca o seu importante valor paisaxístico.



Ningún espazo do concello de Pazos de Borbén se atopa protexido baixo algunha figura normativa determinada, aínda que o novo planeamento urbanístico, que aínda se atopa en revisión, recolle algunhas zonas que considera de especial interese natural e paisaxístico polo que recomenda a súa protección. Dentro destes espazos singulares están incluídos:

Zona do Outeiro do Mar: ao N. de Moscoso, dende a que se pode divisar a ría de Vigo, a zona de Arcade, o encoro de Eiras e as terras de Fornelos de Montes.

O Val do río Barragán: ao L. das parroquias de Moscoso e Xunqueiras, caracterízase pola riqueza da vexetación autóctona, formada por carballeiras e vexetación de ribeira que, dado a escaseza deste tipo de espazos no concello así como a súa progresiva desaparición, o converten nun espazo de especial interese natural, cultural e paisaxístico.

O entorno do río Alvedosa: na parroquia de Amoedo, polo seu importante patrimonio etnográfico.

O entorno do río Pequeno: na parroquia da Ermida, onde destaca a riqueza da súa vexetación.

O entorno do río Nespereira e a piscina fluvial de Outeiro na parroquia de Nespereira.

O sendeiro das Greas: polo seu importante valor ecolóxico, ambiental e paisaxístico.

Outro espazo de especial interese natural, que aínda que non aparece protexido baixo ningunha figura legislativa específica nin polo planeamento en trámite e que presenta un importante valor ecolóxico e ambiental, é o brañal que se forma no entorno do río Nespereira ao seu paso pola parroquia do mesmo nome. As características deste tipo de espazos, que se atopan completamente encharcados durante a practica totalidade do ano, fan que presenten unha fauna e vexetación endémica e diferenciada de outras zonas, polo que se converten nun recurso ecolóxico que pode cumprir importantes funcións como a prevención de inundacións, ou o recargado dos acuíferos subterráneos. Dada a importancia ecolóxica e ambiental deste tipo de espazos, así como a súa




escaseza no conxunto da provincia, a súa conservación eríxese como fundamental e beneficiosa a mellora e protección dos ecosistemas locais.

4. RECURSOS CULTURAIS E PATRIMONIO

4.1 Patrimonio histórico e arqueolóxico

Os numerosos vestixios de primitivos asentamentos deixan entrever que en Pazos de Borbén puido haber un antigo poboamento romano. O concello constituíuse como tal no ano 1836, unha vez se estableceu a nova división provincial para toda España, formando parte do partido xudicial de Redondela.

As características do terreo que presenta o concello, favoreceu a presenza dun rico patrimonio histórico e arqueolóxico que indican a presenza do home dende a antigüidade. Unha fiel imaxe disto son os numerosos xacementos arqueolóxicos existentes, ata un total de 51 catalogados, dos que predominan as mámoas e os petróglifos datados entre o Neolítico e a Idade de Bronce.



Os restos arqueolóxicos máis destacados son os gravados rupestres, que están declarados Bens de Interese Cultural (BIC). Localízanse principalmente no O. do municipio de entre os que cabe sinalar os de Pedras Tenxiñas en Amoedo, onde aparecen varios grupos de gravados con especial referencia a un deles no que se representan uns cérvidos e unhas coviñas nunha grande combinación circular. Os demais podémoslos atopar en Montecelo, Nespereira, e en Ferreira, Cepeda. Tamén aparecen restos no Couto da Lameira no NL. do concello na parroquia de Moscoso. Ademais, no Monte Galleiro, parroquia de Nespereira, existen unhas escrituras rupestres que posiblemente indiquen a existencia dun asentamento primitivo nese mesmo lugar.

No conxunto do municipio podemos atopar numerosos conxuntos arqueolóxicos, destacando as parroquias do O., Cepeda e Amoedo, como as que presentan un maior número de bens arqueolóxicos, o que indican que ben a indicar que dende un principio foron os lugares onde se concentrou un maior número de persoas, que deixaron as súas marcas sobre este espazo.




4.2 Patrimonio arquitectónico

Cando nos referimos a patrimonio referímonos a bens de tipo relixioso (capelas, igrexas, mosteiros, catedrais e santuarios), patrimonio civil (casas grandes, pazos, faros, murallas, castelos, torres, pontes...), e de patrimonio popular (cruceiros, dolmens, pallozas, petos, xacementos, fontes, etc.).

No que se refire ao concello de Pazos de Borbén, as características orográficas do concello foron un factor determinante na creación de patrimonio arquitectónico popular. A presenza de numerosos cursos de auga favoreceu a construción dun grande número de muíños de auga espallados por todo o municipio, elementos que no seu día convertían en fariña os grans de cereais e que na actualidade se atopan practicamente en desuso, sendo excepciónais os casos nos que se manteñen en funcionamento.

Destaca a presenza destes na parroquia de Borbén, con doce muíños, onde as características do río homónimo facilitou a construción destes. Seguen en importancia as parroquias de Nespereira e A Ermida, con oito muíños cada unha, seguidas de Pazos con sete e Moscoso con cinco. A parroquia de Amoedo é a que posúe un menor número deste tipo de edificacións con unha soa.

A existencia dun elevado número de cuncas fluviais resulta beneficioso para o desenvolvemento dun espazo, pero tamén pode resultar prexudicial en canto á fragmentación do mesmo en canto a vías de comunicación e conexións se refire. Co fin de salvar o paso dos ríos existentes, o home deixou a súa pegada no territorio coa construción de pontes que na súa orixe eran de pedra, material de primeira man que estaba ao alcance de toda a poboación. De entre todas elas destacan as pontes do Carrillón e Barragán, situadas sobre o río Barragán, na parroquia de Moscoso, e que comunican o concello de Pazos de Borbén co de Fornelos de Montes. Tamén destacan unha ponte e unha pontella situadas no río Alvedosa, na parroquia de Amoedo, e outras similares situadas en Borbén, a primeira no lugar de Cuartos de Borbén e a segunda en O Pousiño, no río Borbén.



No referido ás edificacións de tipo civil, destaca a existencia numerosas casas que se atopan dentro deste territorio, caracterizándose por seren construción pobres, agás as situadas nas parroquias de Moscoso e Xunqueiras, que están construídas con cadeirado con fermosas galerías.



Como se comentou con anterioridade, destaca o elevado número de vivendas existentes nas parroquias de Xunqueiras, onde se localizan unhas catorce, e Moscoso con once. Dentro da primeira destaca a importancia da arquitectura civil do núcleo Casqueiros, no que se rexistran un total de once vivendas. Na parroquia de Moscoso destaca o núcleo de Gorgoreiro con seis vivendas.

O resto das edificacións localízanse nas parroquias de Borbén con dúas e Pazos con unha.

No referente ao patrimonio de tipo relixioso, todas as parroquias de Pazos de Borbén presenta unha igrexa, habendo no conxunto do concello un total de oito: San Saturnino de Amoedo, Santiago de Borbén, San Pedro de Cepeda, Nosa Señora da Anunciación de A Ermida, San Paio de Moscoso, San Martiño de Nespereira, Santa María de Pazos, San Salvador de Xunqueiras. Así mesmo, existen dúas capelas no lugar de Alvite (Nespereira) e outra en Sequeiros (Borbén).

A maioría dos edificios relixiosos datan do século XVI, XVII e XVIII, de estilos renacentistas e barrocos, erguéndose algunhas delas sobre antigas construcións románicas, como as de San Saturnino de Amoedo e San Martiño de Nespereira. De entre todas elas destacan as de San Paio de Moscoso, San Pedro de Cepeda, San Salvador de Xunqueiras, San Saturnino de Amoedo, Santa María de Pazos, así como a capela do Carme de Nespereira fundada no 1663.

En conxunto, destaca a presenza de patrimonio civil, sobre todo vinculados á presenza de cursos de auga como son os muíños e as pontes, seguido das casas grandes. Tamén ten importancia a presenza de construcións de carácter relixiosa, localizándose un total de nove edificios (oito igrexas parroquiais e unha capela).


Por parroquias, destaca a presenza de elementos arquitectónicos en todas elas, destacando as de Xunqueiras, Moscoso e Borbén, como as que presentan un maior número de bens inmóbeis, mentres que as de Cepeda e Amoedo son as que recollen un menor número de patrimonio.

4.3 Patrimonio etnográfico

O patrimonio etnográfico comprende o conxunto de elementos, materiais e inmateriais, produto da actividade humana desenvolvida dentro dun territorio ao longo do tempo. Así no concello de Pazos de Borbén.

A influencia da relixión neste concello deixou outras sinais de identidade dentro do concello de Pazos de Borbén. Ao longo da súa superficie podemos atopar gran cantidade de cruces de pedra (cruceiros) e petos de ánimas, elementos patrimoniais típicos da arquitectura popular galega. Son frecuentes atopar na metade Leste do concello.





Os cruceiros atópanse repartidos por todo o territorio municipal, sendo máis numerosos no centro Oeste do concello. En total podemos atopar un total de 27 cruces de pedra en todo o municipio, destacando os sete da parroquia de Nespereira. Amoedo e Pazos presentan cinco, mentres que Moscoso ten catro. Borbén e Xunqueiras teñen tres cada unha mentres que A Ermida e Cepeda non presenta ningunha cruz de pedra.

Os petos de ánimas son unha manifestación material do culto aos mortos e da devoción polas ánimas. Ao igual que os cruceiros, tamén se soen atopar en camiños e encrucilladas. No concello podemos atopar un total de 7 petos de ánimas,

que se localizan nas parroquias do centro Oeste, destacando Amoedo con catro. Borbén ten dous e Pazos un.

Na parroquia de Xunqueiras atópase un palco de música tradicional, que presenta un bo estado de conservación, aínda que o uso do mesmo é moi escaso.

Entre os aspectos etnográficos non materiais débense destacar as festas e romarías que se celebran nas distintas parroquias, así como as peculiaridades culinarias. Existen multitude de festas populares no concello, aínda que se deben de destacar as celebracións do Antroido e o conseguinte enterro da sardiña, así como a Festa das Papas, onde se reparten papas de arroz entre os asistentes; e a “Noite Meiga”, festival que se celebra no mes de xullo con grupos folclóricos rexionais de toda España e que remata a altas horas da madrugada cunha grande queimada.

No relativo ás feiras, no concello celébrase unha con periodicidade mensual na parroquia de Moscoso os días 13 e 18 de cada mes, á que acoden veciños tanto do propio concello como dos municipios limítrofes.

No que se refire ás festas populares, no concello celébranse un total de quince festas, sendo as parroquias de Borbén e Nespereira as que realizan un maior número de festexos, tres cada unha. Cepeda, Pazos e Xunqueiras celebran dúas destas cada unha, mentres que o resto das parroquias só celebran unha. A parroquia de Ventín non conmemora ningún tipo de festividade. Das quince festas, cinco delas son na honra ao patrón parroquial sendo estas as de Santiago Apóstolo, o 25 de xullo en Borbén; San Pedro, no mes de xuño en Cepeda; a Festa das Papas, que se celebra na honra á Nosa Señora da Anunciación, no mes de marzo; Santa María, o 15 de agosto en Moscoso; e o San Salvador o 6 de agosto en Xunqueiras.



O resto de festas populares que se celebran en cada parroquia son as seguintes:

Amoedo	San Amaro o 15 de xaneiro
Borbén	Nosa Señora da Branca o primeiro domingo e luns de agosto Romaría do Santo Aparecido en agosto
Cepeda	Santa Lucía o 13 de decembro
Moscoso	Nosa Señora dos Remedios o primeiro Domingo de xullo
Nespereira	O Carme o 16 de xullo Santa Tareixa o 14 de outubro Romaría de Santa tareixa do Xesús do Carme o 15 e 16 de outubro
Pazos	Santa Bárbara o día 7 de setembro
Xunqueiras	Virxe do Rosario en setembro

A gastronomía típica de Pazos de Borbén caracterízase pola elaboración de pratos a partires de produtos típicos da zona. A pesares de que no concello soamente existen dous restaurantes, os pratos que estes ofrecen baséanse principalmente na preparación da carne ou o cocido. Tamén destaca a preparación de pratos con produtos frescos do mar, dada a proximidade do concello ao porto de Vigo, principal abastecedor de peixe e marisco, onde merece a pena mencionar a elaboración da caldeirada de pescado.

4.4 Recursos turísticos

A práctica do turismo no concello de Pazos de Borbén a penas presenta relevancia algunha tanto polo número de visitantes como pola súa influencia final na economía local. A escaseza de recursos e o mal estado de conservación, a orientación do mercado cara o turismo de sol e praia e a maior dedicación e explotación deste sector por parte doutros concellos da Área Metropolitana e a escasa oferta de aloxamento que presenta, fan que a influencia do turismo dentro deste territorio sexa moi limitada.



Na actualidade, esta actividade apenas repercute na riqueza que xera no territorio sen embargo, o concello presenta un grande potencial paisaxístico, ambiental e etnográfico que con unha explotación racional e non lesiva co medio rural ben podería aumentar o fluxo de visitantes cara este espazo. A localización nunha zona de transición entre a costa e un espazo de media montaña así como a existencia de numerosa arquitectura civil, como son as casas de indianos, moitas delas de gran beleza e en estado de semiabandono, e o rico patrimonio arqueolóxico e etnográfico, podería favorecer a orientación de Pazos de Borbén cara a promoción dun turismo rural de calidade, onde o goce pola natureza veríase beneficiado pola proximidade deste concello aos grandes centros de poboación e de atracción turística como son O Salnés, Vigo, Baiona ou Pontevedra.



Para poder conformar un mapa de recursos turísticos incorporouse todo aquel elemento material e inmaterial que pode ser aproveitado para o lecer da propia poboación residente, así como para a atracción de visitantes. Así, podemos agrupar nun só plano todo aquel patrimonio que cunha conservación axeitada e coas características do entorno no que se localiza, pode ser considerado como unha fonte de recursos para atraer turistas e potenciar esta actividade no futuro.

Para que un concello poida atraer visitantes e aproveitar a súa chegada para promover os seus recursos, é importante que dispoña de oferta de aloxamentos. Un dos principais problemas do concello de Pazos de Borbén é a escaseza de aloxamento hoteleiro. Soamente dispón dunha casa dedicada a turismo rural con cinco habitacións que se atopa no lugar de A Igrexa na parroquia de Amoedo. Non existe ningún hotel, hostel, pensión ou campamento.

Respecto á oferta gastronómica, Pazos de Borbén destaca pola calidade dos seus produtos cociñados. Sen embargo, a oferta de restauración tamén é escasa podendo atopar soamente dous restaurantes, un no lugar do O Carballiño, na parroquia de Amoedo e outro en Pazos na aldea do mesmo nome. No resto do municipio a oferta hostaleira é practicamente nula.

A existencia no concello dun rico patrimonio arquitectónico e etnográfico, pode dar lugar á xeración de políticas de promoción e difusión deste espazo para a atracción de visitantes.



Aínda que o que chama ao turista é a existencia de un ou varios recursos, un dos principais inconvenientes dos municipios con patrimonio arqueolóxico ou etnográfico é a dispersión entre os recursos, o que xera a incomodidade e desinterese dos visitantes, xa que provocan un desprazamento a grandes distancias para ver un ben pequeno e moitas veces en mal estado de conservación. Non obstante, a vantaxe que presenta o concello de Pazos de Borbén é a proximidade dos recursos entre si, estando moitos deles formando un conxunto que pode dar lugar a interpretacións históricas e culturais, así como atracción de visitantes, polo que poden ser susceptibles de por en valor.

O concello de Pazos de Borbén presenta unha grande variedade de recursos patrimoniais, paisaxísticos e etnográficos como para fomentar o turismo verde dentro do seu territorio, podendo chegar a repercutir de maneira positiva na economía local.

Así, no concello de Pazos de Borbén podemos atopar conxuntos arqueolóxicos de especial importancia como os gravados rupestres de Pedra Texiñas, Montecelo, Coto lameira ou Ferrería, declarados Bens de Interese Cultural. Tamén destacan os conxuntos de petróglifos e mámoas, destacando a parroquia de Amoedo sobre o as do resto do concello onde se poden atopar 12 petróglifos, 14 mámoas e un castro. A continuación atópase en importancia a parroquia de Cepeda, onde se localizan 6 mámoas e 3 petróglifos.

As casas grandes tamén poden ser consideradas un recurso turístico, polo seu grande valor patrimonial. Son na súa meirande parte casas de indianos que foron construídas por emigrantes deste concello que, nos seus retornos temporais de América, edificaron estas vivendas onde se mesturan os materiais tradicionais galegos coa decoración e estilo das casas sudamericanas. Nas parroquias de Xunqueiras, con catorce, e Moscoso, con once, son nas que se localizan este tipo de edificacións, aínda que tamén hai dúas en Borbén e unha en Pazos. Na actualidade, a maior parte delas se atopan deshabitadas e nun estado de semiabandono. As características destas construcións e a súa escaseza no territorio galego, aumentan aínda máis o seu valor patrimonial, que unido ao aumento da demanda do turismo rural, poden ser un recurso susceptible de recuperación para ser convertidas en casas de aloxamento, aumentando así a oferta de aloxamento do concello o que axudaría a recuperar e coidar o patrimonio arquitectónico local.

Dentro deste patrimonio etnográfico tamén destacan os numerosos muíños fariñeiros de pedra, e as pontes. As parroquias de Borbén, Nespereira, A Ermida e Pazos son as que teñen un maior número de muíños, vinculados a presenza dos ríos Borbén, Pequeno e Nespereira, mentres que as parroquias de Amoedo, Moscoso e Borbén teñen dúas pontes de pedra cada unha.

De influencia relixiosa están as igrexas parroquiais, oito en total, e as capelas, tres en total. Tamén se atopan cruces de pedra, vinteseite en total, que se atopan repartidas pola maior parte do territorio, sendo máis numerosas nas de Nespereira, Pazos e Amoedo. Os petos de ánimas, soen



estar asociados ás igrexas parroquiais, habendo en todo o concello un total de sete, sendo a parroquia de Amoedo a que recolle un maior número con catro en total.

As zonas de interese ecolóxico e paisaxístico están practicamente asociadas aos cursos fluviais, destacando a carballeira do val que conforma o río Barragán, a zona do Outeiro do Mar en Moscoso, o entorno dos ríos Alvedosa en Amoedo, Pequeno en A Ermida, e Nespereira. Tamén está o entorno do sendeiro das greas. No lugar de Outeiro, en Nespereira, existe unha pequena praia fluvial á beira do río Louro.

Outras das características que presenta Pazos de Borbén é a intensa rede de camiños existentes que comunican distintos puntos do concello. Esta peculiaridade fai que os distintos recursos estean comunicados dunha ou outra maneira, o que pode ser aproveitado para facer pequenas rutas de sendeirismo que conecten os distintos recursos cos núcleos de poboación e os conseguintes servizos. Ademais, o Sendeiro das Greas percorre unha ampla superficie deste concello por toda a franxa L., así como tamén penetra por diversos puntos no O., enlazando este concello cos de Fornelos de Montes polo L., Redondela polo O. e Mos polo S.

Un dos principais motivos que pode levar visitantes cara o concello de Pazos de Borbén é a promoción do turismo rural e cultural, xa que este concello posúe un grande potencial neste senso e coas actuacións axeitadas, podería motivar a chegada de visitantes. A todo isto habería que unir a gastronomía, a tranquilidade que se respira, as tradicións e festas populares e o carácter amable das xentes deste concello, factores que, en moitos casos, son considerados como os principais motivos que leva a que os visitantes se despracen cara un ou outro lugar.

5. ORGANIZACIÓN DO TERRITORIO, INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

5.1 Planeamento urbanístico vixente

O planeamento en vigor na actualidade son as normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo o doce de marzo do 1993 e publicadas no BOP o trece de xaneiro de 1994.

Estas Normas Subsidiarias están supeditadas a modificacións puntuais co fin de desenvolver pequenas estratexias de actuacións en determinados espazos do concello.

Do mesmo xeito, atópase redactado a avance do novo PXOM, aprobado inicialmente e que se atopa aínda en fase de tramitación

Para realizar calquera clase de consulta, o concello pon a disposición dos veciños e interesados un aparelador que atende nas dependencias da casa consistorial todos os mércores e venres do ano.



5.2 Infraestruturas de comunicación

A posición lindeira de Pazos de Borbén, fai que dispoña de numerosas estradas de Terceiro Orden para comunicarse entre si e cos concellos veciños.

A rede de estradas caracterízase pola súa transversalidade, polo que todos os núcleos do concello se atopan perfectamente comunicados entre si. En xeral presentan un firme en boas condicións, estando máis deteriorado o das estradas locais. Os trazados das mesmas sufriron escasas modificacións co tempo, caracterizándose en moitos casos polas sinuosidade das estradas locais con continuas curvas e cun ancho de vía por veces inadecuado.



A Estrada Nacional N-550 e a vía de comunicación de maior rango que existe no concello. Procedente de Redondela continúa o seu traxecto cara Mos atravesando unha superficie practicamente imperceptible de Pazos de Borbén no seu extremo SO.

As estradas de Terceiro Orden son as que comunican a maioría do territorio municipal. De entre todas elas destacan a PO-205, que atravesa as parroquias de Amoedo, Pazos, A Ermida e Moscoso, presentando unha dirección O.-L.-NL. e que comunica este concello cos de Redondela polo O. e Fornelos de Montes polo N. A PO-252, que atravesa as parroquias de Xunqueiras e Moscoso, leva unha dirección S.-N. procedendo do concello de Mondariz e conectándose coa PO-250 no núcleo de As Lombas. A PO-253 atravesa as parroquia de Borbén e Pazos, levando unha dirección S.-N. ata desembocar na PO-250 e conectando este concello co de Pontearreas. Do mesmo xeito, o concello dispón doutras estradas tamén de Terceiro Orden que comunican a práctica totalidade dos núcleos do concello.

Dadas as características orográficas de Pazos de Borbén, con intercalación de vales e zonas de media montaña, con altitudes que apenas exceden os 600 m., dispón dunha densa rede de camiños e pistas que se expanden por todo o termo municipal, sendo estas moi extensas naqueles puntos onde o terreo presenta unha elevada altitude.

5.3 Centros educativos

As características demográficas de Pazos de Borbén, cunha alta taxa de avellentamento e unha baixa natalidade, da como resultado un crecemento vexetativo negativo, o que se deixa notar na



escaseza de poboación nova dentro do concello. O resultado disto é unha oferta de centros educativos moi baixa para conxunto do municipio.

Dentro do concello existen tres centros educativos de titularidade pública. No lugar de A Igrexa o EEI de Amoedo, o EEI de Outeiro na parroquia de Nespereira, e o CEIP Curros Enríquez en Pazos. Nos dous primeiros impártense clases de Educación Infantil, mentres que no CEIP impártense clases de Educación Infantil, Primaria, Especial e Educación Secundaria Obrigatoria.

Ademais, nos centros educativos que hai no concello hai nove grupos de educación infantil que van dende os 3 anos ata os 5 anos, cun total de 67 alumnos. Esta oferta resulta insuficiente por que non hai ningún servizo de gardería que atenda á poboación de 0 a 3 anos, cando no concello hai 123 rapaces e rapazas de 0 a 4 anos, segundo datos do Padrón municipal de habitantes do ano 2005.

5.4 Servizos sociais

Os servizos sociais, que teñen como obxectivo servir aos diferentes grupos sociais que presentan problemáticas específicas e que requiren un tratamento axeitado, non teñen presenza no concello de Pazos de Borbén. Non existe ningún centro de atención á infancia, de menores, nin de información ás mulleres.

No referente ás residencias da Terceira Idade, Soamente existe unha residencia da Terceira Idade con 56 prazas na parroquia de Amoedo. En Pazos había, no ano 2005, 704 persoas maiores de 65 anos das que o 50,99% pasaba de 75 anos.

Ademais, para avaliar a demanda de servizos sociais no concellos faise necesario coñecer o número de posibles usuarios, entre os que están as persoas que perciben a RISGA e a AES.

- A RISGA (renda de integración social de Galicia) é unha axuda económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns de entre 25 e 65 anos, que aínda que teñen idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. No ano 2003 había no concello 4 persoas percibindo esta renda.
- A AES (Axudas de Emerxencia Social) é unha prestación económica, non contributiva, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. No ano 2003 había en Pazos 2 persoas beneficiarias da axuda.



6. POBOACION E VIENDAS.

A continuación analizaranse os principais datos relacionados coa poboación e a vivenda en Pazos de Borbén, faranse comparacións cos datos relativos á AMV, coa finalidade de coñecer a representatividade do concello e as súas diferenzas ou similitudes con respecto aos outros concellos que a integran. Noutros casos as comparacións faranse tamén con respecto á provincia de Pontevedra e a Galicia.

Os datos utilizados para a análise proveñen dos publicados polo INE e o IGE, a partir dos que se elaboraron todas as operacións estatísticas incluídas neste estudo socioeconómico. Os datos están estruturados nos seguintes apartados:

1. Efectivos poboacionais e evolución demográfica, no que se pretende obter unha visión da actual composición da poboación do concello, tendo en conta o número e a súa distribución por sexo, a súa procedencia, así como a súa traxectoria dende o inicio do século XX.
2. Estrutura da poboación, atende aos grupos de poboación segundo a idade vendo como o peso destes grupos poden estar determinando o desenvolvemento económico e social, a través da obtención dunha serie de índices.
3. Movemento natural da poboación, fixándose nos tres principais fenómenos demográficos: os nacementos, as defuncións e os casamentos, e a súa evolución.
4. Movements migratorios, tendo en conta a procedencia e o destino das poboacións migrantes, analizando tamén a súa evolución ao longo do século ata a actualidade.
5. Nivel formativo da poboación do concello a partir dos datos publicados no censo de poboación e vivendas do ano 2001, referidos a poboación de 16 e mais anos de idade. Ademais, tomando os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, verase o último dato de matriculación, en ensino non universitario no concello.
6. Por último, o apartado 6, que estuda a composición e principais características da Vivenda no concello.



6.1 Efectivos poboacionais

A) Poboación segundo sexo e distribución parroquial

Segundo o último dato publicado polo INE, a poboación de Pazos de Borbén en xaneiro de 2005 era de 3160 persoas, distribuídas segundo sexo en 1484 homes e 1676 mulleres. No ano 2004 o reparto poboacional segundo sexo, entre as 8 parroquias que compoñen o concello é o seguinte:


Distribución da poboación de Pazos de Borbén por parroquias, segundo sexo.
Ano 2004.

Parroquia	Poboación total	Homes	Mulleres
Amoedo (S. Sadurniño)	555	272	283
Borbén (Santiago)	573	249	324
Cepeda (San Pedro)	177	83	94
A Ermida (Nosa Señora da Asunción)	138	60	78
Moscoso (San Paio)	474	217	257
Nespereira (San Martiño)	766	369	397
Pazos (Santa María)	344	167	177
As Xunqueiras (San Salvador)	134	62	72
Total	3161	1479	1682

Fonte: INE


A parroquia mais poboada do concello é a de Nespereira, cunha poboación de 766 persoas, 369 homes e 397 mulleres, o que ben representar o 24.23% sobre o total da poboación do concello. As parroquias de Borbén e Amoedo son as seguintes con maior concentración de poboación, 573 e 555 respectivamente. As parroquias menos poboadas son as de As Xunqueiras, con 134 persoas, 62 homes e 72 mulleres, a de A Ermida, con 138 persoas, 60 homes e 78 mulleres e Cepeda, sumando 177 persoas que se distribúen entre 94 mulleres e 83 homes.





En relación á AMV, a poboación de Pazos de Borbén representa o 0,68 %, sendo o segundo concello despois de Fornelos de Montes con menos poboación dos que integran este territorio, feito que ben determinado principalmente pola seu emprazamento xeográfico, no interior da provincia, e as súas características rurais, que determinan a saída por parte da poboación do concello na busca de alternativas de emprego ao agro.

B) Densidade demográfica



A gráfica anterior mostra a densidade demográfica do concello comparándoa coa da AMV, Pontevedra e Galicia. A densidade demográfica en Pazos de Borbén é de 63,22 habitantes/km², a máis baixa dos concellos que compoñen a AMV, cuxa densidade é de 621,59 habitantes/ km², o que ven indicar novamente o seu carácter rural fronte outros concellos da AMV que concentran a poboación urbana e as actividades económicas con maior demanda de man de obra. Esta densidade contrasta coa do concello de Vigo que é de 2.692,25 habitantes/ km², e atópase por debaixo da




correspondente a Pontevedra, que é de 215,86 habitantes/ km² e á de Galicia, que é de 93,33 habitantes/ km.².

C) Poboación segundo lugar de nacemento e residencia

Tendo en conta a poboación do concello de Pazos de Borbén segundo o seu lugar nacemento e residencia, como mostran os datos do Padrón Municipal de Habitantes correspondentes ao ano 2003, a mobilidade da poboación do concello é menor á que se produce nos outros espazos incluídos na análise. Así, o 76,53% da poboación do concello naceu e reside no mesmo, mentres que nos outros territorios compártense valores inferiores e similares, especialmente entre AMV e Pontevedra, onde o 62,74% e o 62,04% da poboación respectivamente, naceron e residen nese territorio. No caso de Galicia, o valor correspondente é de 66,61% da poboación. En canto á poboación residente que naceu noutro concello da provincia, os valores correspondentes a Pazos de Borbén, AMV e Galicia, son moi similares, en torno ao 16% da poboación, sendo superados polo de Pontevedra, que é de 21,92%. No caso da poboación residente procedente doutra provincia galega, o 0,86% de Pazos indica novamente a baixa atracción que exerce este concello sobre a poboación, contrastando co valor correspondente á AMV que é de 10,18%, e que explica o feito de que algúns dos concellos da mesma son receptores de poboación procedente de toda Galicia, aínda que non é o caso do de Pazos de Borbén. A Pontevedra e Galicia correspóndenlle valores lixeiramente mais baixos que os da AMV, 6,38% e o 7,49%.

Poboación segundo lugar de nacemento e residencia.
Ano 2005



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

A porcentaxe de poboación residente no concello e que naceu noutra comunidade autónoma é de 2,04%, neste caso a AMV tamén está por riba do resto dos espazos incluídos na análise, 5,18%, reflectindo así a capacidade de atracción poboacional deste territorio, onde se concentra a actividade industrial. As porcentaxes de persoas residentes nun concello diferente ao de nacemento en Pontevedra e Galicia son de 4,61% e 4,26% respectivamente. Por último, a poboación residente e nacida no estranxeiro representa en Pazos de Borbén o 3,79% da poboación no 2003. A AMV conta




cun 5,78% de poboación nesa situación, estando por riba da porcentaxe de Pontevedra, 5.06% e de Galicia 5,33%.

D) Poboación segundo nacionalidade

No ano 2001, o 99,51% da poboación de Pazos de Borbén posuía nacionalidade española e un 0.49% estranxeira. As porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, son similares e lixeiramente inferiores con respecto a Pazos de Borbén en canto a porcentaxe de persoas de nacionalidade española, 98,43%, 98,59% e 98,70%, respectivamente. Polo tanto, a proporción de persoas na AMV con nacionalidade estranxeira é de 1,59%, en Pontevedra de 1,41% e en Galicia de 1,30%.

A procedencia da poboación de nacionalidade estranxeira en Pazos de Borbén, que en termos absolutos suman 15 persoas, 10 homes e 5 mulleres, repártese entre, 7 persoas que proceden dalgún Estado da Unión Europea, todas homes, 8 persoas de América, repartidas segundo sexo en 5 mulleres e 3 homes.




A gráfica anterior mostra as porcentaxes de poboación con nacionalidade estranxeira segundo a súa procedencia en Pazos de Borbén, AMV, Pontevedra e Galicia. En Pazos a poboación estranxeira procede de Europa ou América, representado esta última unha porcentaxe lixeiramente superior ao 50 %. No concello non se rexistran persoas que procedan de África ou Asia, mentres que si acontece nos outros espazos. As persoas con nacionalidade dalgún país africano representan en Pontevedra o 8,94%, mentres que na AMV son o 8,42% e un 7,96% en Galicia. A AMV é o espazo que mais persoas asiáticas rexistra, 2,15%, fronte ao 1,55% de Pontevedra e ao 1,81% de Galicia.



E) Evolución demográfica

Segundo os datos da evolución demográfica publicados polo INE e que recollen cifras de poboación de feito dende 1900 ata 1991, aos que lle engadimos os referidos ao Censo do ano 2001¹ e o 2004, obsérvase como no concello se produciu un aumento de poboación ao longo do período. En termos absolutos o aumento producido foi de 274 persoas, representado nunha variación relativa positiva do 5,72%. A gráfica mostra ademais os períodos intercensais onde diminúe a poboación, como é o caso do período entre 1940 e 1950, onde se produciu un descenso en termos absolutos de 92 persoas, entre o 1960 e o 1970, cun descenso de 185 persoas, en termos relativos supuxo un descenso do -5,14, e dende o censo de 1981 e 2001, no que o descenso foi de 600 persoas, chegando a 3052 efectivos, e representando un descenso relativo de poboación do -17,13. O último dato publicado polo INE, para o ano 2005, indica unha recuperación da poboación, producíndose un aumento de 108 persoas con respecto ao ano 2001.

Evolución demográfica. 1900 a 2005



Fonte: Censos de Poboación e Vivendas. INE

Comparando a evolución demográfica do concello co conxunto dos que compoñen a AMV, obsérvase graficamente a diferenza na traxectoria poboacional entre ambos territorios, onde como xa se comentou, Pazos de Borbén experimentou unha variación relativa positiva entre o 1900 e o 2001 do 5,72, mentres que no caso da AMV, o aumento foi do 342,46, o que en número de persoas supón un aumento de 336.191 persoas no 2001 con respecto ao ano 1900. Ademais, a evolución poboacional na AMV ten unha traxectoria máis constante que no caso de Pazos de Borbén, onde se producen máis oscilacións no número de efectivos, como se aprecia graficamente.

¹ Segundo nota do INE, Os datos de evolución da poboación dende 1900 a 1991 publicados polo INE refírense a poboación de feito, proceden dos censos de poboación elaborados cada 10 anos. Para o período 1986 a 1995 os datos corresponden a poboación de dereito, son anuais e derívanse das renovacións padronais, e das rectificacións padronais para os demais anos. A partir do ano 1996 prodúcese un cambio lexislativo que elimina a distribución entre poboacións de feito e poboacións de dereito. Dende 1996 en diante as cifras de poboación teñen carácter oficial e refírense ó 1 de xaneiro de cada ano. Nesta análise do concello de Pazos de Borbén, engádesse á evolución publicada polo INE os datos de poboación referidos ao ano 2001, 2004 e 2005.




6.2 Estrutura da poboación.

A) Pirámide de poboación

A estrutura da poboación por sexo e idade no concello de Pazos de Borbén no ano 2005 exprésase graficamente na pirámide de poboación que se inclúe a seguir e que deixa ver os principais comportamentos poboacionais que están a caracterizar ao concello, como son o seu progresivo avellentamento, expresado polo estreitamento na súa base, debido ao descenso nas taxas de natalidade, e ao aumento da esperanza de vida das poboacións con máis idade. En xeral, este é o proceso que se está a vivir na maioría dos concellos galegos, se ven, nos concellos rurais esta tendencia é moito máis marcada que nos urbanos. Aínda que a pirámide reflexa un aumento de poboación no grupo de idade menor, no de 0 a 4 anos, como se observa, tanto a porcentaxe de homes como a de mulleres, supera ao que representan o seguinte grupo de poboación, de 5 a 9 anos de idade. O total de poboación de 0 a 4 anos representa o 3,89% do total do concello, que en termos absolutos supón 123 persoas, mentres que o grupo seguinte, de 5 a 9 anos de idade, representa o 2,91% do total de poboación, equivalente a 92 persoas.

Pirámide de poboación de Pazos de Borbén.
Ano 2005




Na pirámide obsérvase que o grupo de poboación maioritario é o de 25 a 29 anos de idade, que representa o 9,18% do conxunto da poboación. Segundo sexo, as mulleres desta idade son o 8,53% do total feminino, 143 mulleres, mentres que os homes de 25 a 29 anos son o 9,91%, 147 homes. O seguinte grupo maioritario é o inmediatamente inferior a este, de 20 a 24 anos de idade, 7,12% do total, entre os homes, este grupo representa o 8,09% (120 homes), mentres que entre a poboación feminina son o 6,26% (105 mulleres). Estes dous grupos e os seguintes, ata os que no 2005 teñen en torno aos 45 anos de idade, son os representantes da xeración do Baby Boom, como se coñece a etapa de aumento da natalidade vivida en España nas décadas do 60 e 70, coincidindo tamén coa



expansión económica. A partir do grupo de poboación de 45 a 49 anos de idade, a poboación total comeza a descender, aínda que como se observa na pirámide, os grupos de idade femininos continúan tendo un peso significativo no conxunto, superando aos homes ata o final da gráfica.

B) Distribución da poboación por grandes grupos de idade

Distribución da poboación con nacionalidade española en grandes grupos de idade. Ano 2005




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

En canto á distribución por grandes grupos de idade no ano 2005 no concello, a porcentaxe de poboación con menos de 16 anos representaba o 12,34%, a poboación entre 16 a 64 anos representaba o 65,10% e as persoas con 65 e mais anos o 22,56%. As diferenzas mais salientables entre Pazos de Borbén e os territorios incluídos na análise, encóntranse entre a AMV e Pontevedra, xa que o concello posúe unha distribución da poboación segundo a idade similar á correspondente a Galicia, especialmente na porcentaxe de poboación de 65 e mais anos, que en Galicia é do 21,67%, un punto por riba de Pazos de Borbén. Na AMV, o territorio menos envellecido dos catro analizados, esta poboación supón o 16,30% do total, e en Pontevedra o 18,11%. A porcentaxe de poboación con idades comprendidas entre os 16 e os 64 anos, ocupa en Pazos de Borbén a porcentaxe do 65,10%, en Galicia un 66,12%, o 68,13% en Pontevedra, sendo a AMV o espazo que posúe o grupo de poboación con mais peso nestas idades, 69,83%. Por último, as porcentaxes de poboación mais nova, con idade entre 0 e 15 anos, son moi similares nos espazos comparados, indo dende o 12,21% de Galicia, o 12,34% de Pazos de Borbén, o 13,76% de Pontevedra e por último, coa porcentaxe de poboación moza máis alta está a AMV onde este grupo de poboación representa o 13,88%.



Distribución da poboación con nacionalidade estranxeira en grandes grupos de idade. Ano 2005




Fonte: Elaboración propia a partir de datos do INE

A distribución da poboación estranxeira por grandes grupos de idade en Pazos de Borbén, no ano 2005, presenta diferenzas significativas con respecto a AMV, Pontevedra e Galicia, mentres que estes tres territorios posúen porcentaxes similares nos tres grupos de poboación, en torno ao 14% no caso dos menores de 16 anos, ao 80,5% no grupo de 16 a 64 anos de idade e ao 5% no caso da poboación de mais de 64 anos, en Pazos de Borbén, preséntanse diferenzas con respecto aos outros tres territorios en relación aos dous primeiros grupos de poboación sinalados. Así, a porcentaxe de poboación de menos de 16 anos supón en Pazos o 29,16%, o dobre que nos outros tres territorios. A poboación de entre 16 a 64 anos de idade, sen embargo, ten menos peso que nos outros territorios, representando o 66,66% no concello. Por último, a poboación pertencente ao grupo de maiores de 64 anos, representa unha porcentaxe similar aos da AMV, Pontevedra, e Galicia, sendo do 4,16%.

C) Idade media da poboación

Idade media da poboación 1998-2003



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE


Na gráfica precedente compárase a evolución da idade media da poboación do concello de Pazos de Borbén coa correspondente á AMV, Pontevedra e Galicia, dende o ano 1998 a 2003. Nos catro casos



houbo un incrementou deste indicador dende o ano 1998, aínda que é significativo o feito de que unicamente no caso de Pazos de Borbén esta tendencia variou lixeiramente no último dato recollido na táboa, ano 2003, con respecto ao ano 2002, pasando de 43,30 a 43,20. Este é ademais o valor mais alto dos catro comparados, aínda que con moi pouca diferenza con respecto a Galicia, onde a idade media da poboación é de 43,10. A AMV correspóndelle un valor do 40,34, case dous anos mais que no 1998, cando a idade media da poboación era de 38,52 anos, a pesares deste incremento, a AMV é o espazo que conta coa poboación menos envellecida dos catro analizados. A Pontevedra, con valores semellantes aos da AMV, correspóndenlle un valor de 40,90 anos como idade media da poboación no ano 2003, mentres que no ano 1998 o valor correspondente era de 39,20 anos.

D) Índice de feminidade

No caso do Índice de feminidade, que reflexa o número de mulleres de tódalas idades por cada 100 homes no mesmo ano de referencia, no caso de Pazos de Borbén, o valor deste índice no ano 2004 era de 113,7 mulleres por cada 100 homes, reflectindo o maior peso das mulleres no conxunto da poboación do concello. Este indicador sitúase por riba dos valores correspondentes á AMV, cun índice do 107,5 mulleres por cada 100 homes, sendo este moi semellante aos correspondentes a Pontevedra e Galicia, de 107,3 e 107,6 respectivamente.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE


E) Índice de Dependencia Global, Senil e Xuvenil

En relación ao Índice de dependencia global (IDG), que pon en relación aos grupos de poboación dependentes economicamente co grupo de poboación potencialmente activa, é dicir, as persoas de menos de 16 anos e as de mais de 64 co grupo de poboación con idade comprendida entre 16 e 64 anos, o valor correspondente a Pazos de Borbén no ano 2004 era de 76,80, mentres que no ano 1991 o IDG alcanzaba o valor de 83,25, o que ven sinalar que o número de persoas dependentes das economicamente activas descendeu con respecto ao ano 1991 en algo mais de 6 persoas. Comparando esta evolución coa que se produciu na AMV, Pontevedra e Galicia, vese como en todos os casos a tendencia dos últimos anos é crecente, despois dunha etapa decrecente que chegou ata o ano 2001 no caso destes dous espazos. No caso da AMV atópanse os valores mais baixos, sendo o IDG



do ano 2004 de 61,50, manténdose unha diferenza á baixa con respecto a Pazos de Borbén de 15,3. Galicia e Pontevedra, manteñen a súa tendencia crecente dende o ano 1996. Pontevedra presenta a tendencia mais negativa, como se observa na gráfica, sendo o IDG do ano 2004 do 91,09. Galicia, cunha traxectoria similar á de Pazos dende o ano 2001, acada o valor do 78,35 no ano 2004.

Evolución dos índices de dependencia xuvenil e senil
1996-2004



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Se analizamos separadamente o que está a acontecer cos grupos de poboación dependentes con respecto a poboación potencialmente activa, vemos que é a poboación xuvenil a que está tendo máis peso nesa relación que o grupo de poboación maior de 65 anos. Como se observa na seguinte gráfica que representa conxuntamente ao Índice de dependencia xuvenil e o senil.


O Índice de Dependencia Xuvenil (IDX), que relaciona a poboación menor de 20 anos con a poboación potencialmente activa, experimentou un aumento moi marcado no concello de Pazos de Borbén dende o ano 2001, pasado do valor 31,34 dese ano ata o de 76,80 correspondente ao ano 2004. No que respecta á AMV, estase producindo a tendencia contraria á do concello, xa que o valor do IDX do ano 1991 era de 51,68, mentres que no ano 2004 decreceu ata o 32,95. O decrecemento nos valores do IDX ven determinado polo descenso da natalidade. O mesmo aconteceu na provincia de Pontevedra e en Galicia, correspondendo á provincia o valor mais baixo dos catro comparados, de 24,27 persoas con menos de 16 anos dependentes das que posúen idades comprendidas entre os 20 e os 64 anos de idade.

O Índice de Dependencia Senil (IDS), que compara os pesos do grupo de poboación maior de 64 anos co de 20 e 64 anos de idade, como se observa no gráfico, a tendencia é tamén crecente, aínda que moito mais suave, así, no ano 1991 o IDS en Pazos de Borbén era de 32,47 para chegar no ano 2004 ata ao 43,38. Na AMV, Pontevedra e Galicia, a evolución deste indicador é igualmente crecente, correspondéndolle a AMV o valor de 32,95, a Pontevedra de 24,23, o mais baixo, e a Galicia un valor do 29,77, persoas de mais de 64 anos por cada 100 persoas de entre 20 e 64 anos.



F) Índice de recambio da poboación activa, envellecemento e sobreenvellecemento


O Índice de Recambio da Poboación Activa (IRPA), indicador que relaciona a poboación entre 60 e 64 anos e a comprendida entre os 20 e os 24 anos, e que explica a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que abandonan o mercado de traballo ao acadar a idade da xubilación, decreceu en Pazos de Borbén no período comprendido entre o ano 1991 ao ano 2004, pasando do 83,15 no 1991 ao 60,41 do ano 2004, é dicir que por cada 100 persoas de 20 a 24 anos, había 83,15 entre 60 e 64 anos de idade, mentres que no ano 2004 o número de persoas entre 60 e 64 baixou ata 60,41. Sen embargo, no caso da AMV, Pontevedra e Galicia, o IRPA aumentou, especialmente na AMV, onde se pasou do 53,61 persoas de 60 a 64 anos no 1991 ás 62,74 por cada 100 de entre 20 a 24 anos. En Pontevedra o aumento fixo que os valores pasaran do 60,19 no ano 1991 ao 64,22, no 2004. En Galicia, é onde os valores se manteñen máis estables, producíndose un aumento moi sensible, que vai 75,74 persoas de 60 a 64 anos no 1991 ás 75,81 no ano 2004.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Outro dos indicadores sobre a estrutura da poboación é o Índice de envellecemento, que explica a relación entre a poboación menor de 20 anos e a maior de 64. Como se mostra na gráfica, este Índice aumentou significativamente entre os anos 1991 e 2001, pasando 64,60 persoas maiores de 64 anos por cada 100 persoas menores de 20 a 122,50, o que supón unha variación no indicador de 57,90. Na gráfica inclúese os datos correspondentes á AMV, a Pontevedra e a Galicia, como se observa, en tódolos territorios aumentou a proporción de poboación maior con respecto á poboación moza, aínda que o aumento na AMV é o máis baixo, de 41,24, moi similar ao de Pontevedra, de 43,73. No caso de Galicia, é onde se produce o aumento máis significativo, xa que a variación foi de 56,72 puntos.





Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


O Índice de sobreenvellecemento é a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64. A gráfica mostra tamén para os anos 1991 e 2001, como se produciu descenso do -1,38 no indicador Pazos de Borbén, de xeito que no ano 1991 había 10,42 persoas maiores de 84 anos por cada 100 maiores de 64 anos e no ano 2001 era de 9,04 persoas. O Índice de sobreenvellecemento é o mais baixo dos 3 territorios incluídos na gráfica, no ano 2004 o valor correspondente á AMV era de 9,95, de 10,84 en Pontevedra mentres que a Galicia, co valor mais alto, correspondíalle o 11,49.

6.3 Movemento natural da poboación.

A) Nacementos, casamentos e defuncións.

O estudio do movemento natural da poboación nun territorio basease na análise dos nacementos, dos casamentos e das defuncións. Na gráfica que se inclúe a continuación, obsérvase a evolución destes tres fenómenos demográficos no concello de Pazos de Borbén entre os anos 1997 e o 2002, en termos absolutos.

**Evolución no número de nacementos, casamentos e defuncións
1997-2002**



Fonte: movemento natural da poboación. IGE e INE


No caso dos nacementos, produciuse un aumento en termos absolutos, pasando dos 16 nacementos do ano 1997 aos 24 do 2002. O número de defuncións tamén tivo aumentado neste período, pasando das 37 do ano 1997 ás 40 do 2002, aínda que como se observa na gráfica, no ano 2001, o número de defuncións no concello chegou ata 56. Os casamentos tamén teñen aumentado no concello, sendo



no ano 1999 cando mais nacementos se rexistraron ao longo do período analizado, chegando ata 17, no ano 2002, o número de casamentos foi de 16.


B) Taxas brutas de natalidade, nupcialidade e mortalidade

A análise das taxas correspondentes a este tres fenómenos permiten comprender a dimensión da súa incidencia no concello ademais de realizar comparacións con respecto os valores correspondentes a AMV, Pontevedra e Galicia.



A Taxa Bruta de Natalidade (TBN), que mide o número de nacementos por cada mil habitantes, foi no ano 1998 en Pazos de Borbén do 6,25%, aumentando ata o 9,89%, no ano 2003. A gráfica mostra ademais como o fenómeno demográfico da natalidade experimentou variacións máis notables no concello, mentres que no caso dos outros espazos a tendencia segue unha traxectoria crecente máis constante. Na AMV no ano 1998 o valor correspondente era de 8 nacementos por cada mil habitantes, chegando no ano 2003 ata o 8,98%. Esta taxa é a máis alta dos territorios que estamos a tomar como referencia, por riba de Pontevedra, cuxa TBN no ano 1998 era de 7,81% para acadar no ano 2003 o valor de 8,59%. No caso de Galicia, tamén se experimenta un crecemento na TBN, aínda que os valores son máis baixos ao ter en conta o peso do conxunto de poboación envellecida da comunidade, así no ano 1998 a correspondíalle unha TBN de 6,80% e no ano 2003 de 7,37%.






Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

A evolución nos casamentos no concello de Pazos de Borbén, medida pola Taxa Bruta de Nupcialidade (TBNup) sofre maiores variacións, como no caso da TBN no concello de Pazos de Borbén que nos outros tres territorios de referencia. Esta variación reflíctese na gráfica, onde se observa que dende o ano 1998, no que a TBNup era de 2,81%, pasouse no seguinte ano a unha taxa de 5,31%, descendendo novamente no ano 2000 ata o 2,89% e chegando ata unha taxa de 5,21 casamentos por cada mil habitantes no ano 2002. A taxa de nupcialidade de Pazos, que partía cun valor mais baixo que os correspondentes á AMV, Pontevedra e Galicia, é neste último dato incluído na gráfica, mais alta que neses tres territorios. Ademais, Pazos é o único dos espazos onde a taxa aumentou, mentres que na AMV pasouse dun valor do 5,05% no ano 1998 ao 4,69% no 2002. No caso de Pontevedra, do 4,87%, ao 4,58% e en Galicia, do 4,37% ao 4,21%.

Na Taxa Bruta de Mortalidade (TBM), que reflexa o número de mortes por cada mil habitantes, obsérvase como novamente a poboación de Pazos de Borbén sofre mais variacións ao longo do período analizado que no caso da AMV, Pontevedra e Galicia. Ademais, é salientable o feito de que a mortalidade do concello posúe taxas de ata case 10 puntos mais altas que a AMV, e de ata 8 puntos con respecto a Galicia, como acontece no ano 2001. No período analizado ademais, a taxa experimentou un incremento do 1,16, pasando do 11,87% do ano 1998 ao 13,03% no 2002, e acadando un máximo no ano 2001, cunha taxa do 18,13%. Na AMV a taxa de mortalidade tamén aumentou aínda que mais moderadamente, correspondéndolle un valor no ano 1998 do 7,60% e un 5,21% no ano 2002. Pontevedra, cunha taxa lixeiramente superior á da AMV, pasou do 8,69% do ano 1998 ao 8,88 no 2002. Galicia é o territorio analizado con taxas de mortalidade mais altas e, cunha traxectoria, como na AMV e Pontevedra, mais cóntante que no caso de Pazos de Borbén, sendo a taxa do ano 1998 do 10,31% e que no 2002 foi do 10,36%.






Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

C) Saldo vexetativo

O saldo ou crecemento vexetativo da poboación é a diferenza entre os nacementos e as defuncións producidas nunha poboación nun período determinado, neste caso expresado por mil habitantes. Saldo con valores negativos, tradúcense en maior número de defuncións que nacementos, saldo positivos, polo tanto, responden a un maior número de nacementos en relación ás defuncións.

Como se desprende da análise nas taxas anteriores, os saldos correspondentes a Pazos de Borbén son negativos dende o ano 1998 ata o 2002, a gráfica reflicte como dende as variación producidas no indicador, pasando dun valor do -5,62‰ correspondente o ano 1998, ata chegar no 2001 a un saldo vexetativo do -10,68‰, reducíndose novamente no 2002, ata acadar o valor de -5,51‰. O territorio da AMV é o única que mantén saldos positivos neste período, aumentando entre os dous anos de referencia, así no ano 1998 o saldo era de 0,40‰, incrementándose lixeiramente no ano 2002 ata ó valor de 0,62‰. No caso de Pontevedra, presenta saldos negativos durante o período, que van do -0,88‰ do 1998 ó -0,49‰ do ano 2002. Os valores correspondentes a Galicia, mais baixos que os de Pontevedra, experimentan tamén un pequeno aumento neste período de análise, pasando do -3,50‰ do ano 1998 ó -3,30‰ do ano 2002. Nos catro territorios analizados, estase producindo un aumento positivo e suave do saldo vexetativo, xa que as taxas de natalidade están superando ás correspondentes ás da mortalidade.






Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

6.4 Movementos migratorios.

O estudo das características dunha poboación e o seu comportamento ao longo do tempo, analízase a través do movemento natural do poboación, realizado no apartado anterior, xunto cos movementos migratorios. Na análise tómase a Estatística de Movementos Migratorios que elabora o IGE a partir da Estatística de Variacións Residenciais elaborada polo INE, resultado das altas e baixas rexistradas nos padróns municipais. Segundo o IGE, o concepto de migración é equivalente ao do cambio de concello de residencia.

A) Emigración

Comezando pola análise da emigración, que se refire, nun determinado ámbito xeográfico ás migracións que teñen orixe nese ámbito e destino fora do mesmo. Dentro do concepto de emigración diferenciaremos ás emigracións internas e as externas. As primeiras son aquelas que teñen orixe nun concello de Galicia e destino noutro concello da comunidade. As emigracións externas son aquelas que teñen destino fora da comunidade autónoma, diferenciando entre as que son cara o resto de España ou ao estranxeiro.



Fonte: estadísticas de variacións residenciais. IGE.

Analizando o fenómeno da emigración en Pazos de Borbén, no período 1990 a 2004, representado na gráfica, obsérvase cómo experimentou unha serie de variacións ao longo do período, e como se



observa, nos últimos tres anos o fenómeno está experimentando unha traxectoria de aumento, aínda que suave. Así, no ano 1990 a emigración total no concello foi de 135 persoas, descendendo nos dous seguintes anos, e novamente aumenta ata 140 persoas no ano 1993. O ano 2000 é no que se rexistran a maior cantidade de persoas emigrantes no concello no 2000, chegando ata o número de 174 persoas. No 2001, a emigración volveu a baixar, ata as 122 persoas, e dende entón estase producindo un incremento no número de persoas que saen do concello, sendo de 160 no ano 2004.

A continuación tense en conta o destino destas emigracións para diferenciar entre as internas, é dicir, as que teñen como destino outro concello galego, dentro ou fora da provincia de Pontevedra, e a emigración externa, a outra comunidade autónoma ou ao estranxeiro, neste caso, compararemos os valores de Pazos de Borbén cos da AMV, a provincia e Galicia.

Como se observa nas porcentaxes incluídas no cadro a seguir, a maioría da poboación emigrante en Pazos de Borbén o fai internamente, un 74,80% fronte ao 25,20% que o fai con destino fora de Galicia. As porcentaxes para os outros tres territorios de referencia son similares, sendo a emigración interna a maioritaria, aínda que as porcentaxes da AMV, Pontevedra e Galicia, son lixeiramente menores aos de Pazos de Borbén, representando o 67,76%, 68,50 e 71,68%, respectivamente. A emigración interna cara a provincia representa en Pazos de Borbén o 93,66%, mais de 10 puntos por riba das correspondentes á AMV, 82,30%, Pontevedra, 80,53% e Galicia, 81,84%. Isto supón que unicamente o 6,32% dos emigrantes de Pazos de Borbén o fan a outra provincia galega. A poboación que decide emigrar a outra provincia galega no caso da AMV representa o 17,70%, en Pontevedra o 19,47% e o 18,16% en Galicia.

A emigración externa, que como xa se sinalou representa o 25,20% do total da emigración en Pazos de Borbén, desagregase entre a que ten como destino outra comunidade autónoma, 87,50%, e a que se dirixe ao estranxeiro, 12,50%. O comportamento da emigración na AMV, Pontevedra e Galicia é similar ao de Pazos de Borbén, unicamente cabe destacar que no caso dos tres territorios sinalados, é en torno a dous puntos menor a porcentaxe de persoas que emigran cara ao estranxeiro. No caso da AMV o 9,24% das persoas que emigran fora de Galicia o fan ademais ao estranxeiro, e un 90,76% o fai a outra comunidade autónoma. As porcentaxes en Pontevedra son 9,81% para a poboación que emigra ao estranxeiro, fronte ao 90,19% que o fai cara outra comunidade autónoma. E por último, en Galicia, a porcentaxe que emigra ao estranxeiro é de 10,76% mentres que cara outra comunidade autónoma o fai o 89,24%.



Emigración segundo tipo e porcentaxes de representación.
Ano 2004

Orixe	Emigración interna			Emigración externa			Total
	Á mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Total	A outra CCAA	Ao Estranxeiro	Total	
Pazos de Borbén	89	6	95	15	9	32	127
	93,66%	6,32%	74,80%	87,50%	12,50%	25,20	100%
AMV	6621	1424	8045	3456	352	3808	11873
	82,30%	17,70%	67,76%	90,76%	9,24%	32,07%	100%
Pontevedra	13323	3221	16544	6862	746	7608	24152
	80,53%	19,47%	68,50%	90,19%	9,81%	31,50%	100%
Galicia	46903	10409	57312	20208	2437	22645	79957
	81,84%	18,16%	71,68%	89,24%	10,76%	28,32%	100%


Fonte: INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE

B) Inmigración

A continuación analizaremos a inmigración seguindo o mesmo esquema que no caso da emigración. Tomando novamente a definición do IGE, as inmigracións para un ámbito xeográfico determinado son aquelas migracións con destino nese ámbito xeográfico e orixe fora do mesmo. Comezaremos pola análise da evolución da poboación inmigrante entre o período de 1990 a 2004. De forma semellante ao acontecido no caso da emigración, a inmigración experimentou variacións ao longo do período sinalado, como se observa na gráfica axunta, aínda que a tendencia experimentada foi dun lixeiro incremento no número de persoas inmigrantes. No ano 1990 o número de persoas que procede doutro concello e fixaron a súa residencia en Pazos de Borbén foi de 87, no final do período sinalado, ano 2004, o número de persoas inmigrantes rexistradas foi de 115. Ao longo do período producíronse variacións, como se observa na gráfica, e é a partir do ano 2002 cando parece que se está a recuperar unha tendencia de crecemento da inmigración.

Comparando a evolución da inmigración no concello de Pazos de Borbén coa experimentada no conxunto de concellos que forman a AMV, vese que aínda que se rexistran variacións ao longo do período estas son mais constantes e a tendencia crecente é mais marcada, resultado da atracción exercida por algúns dos concellos da AMV sobre a man de obra, como é o caso de Vigo ou Porriño.





Fonte: estatísticas de variacións residenciais. IGE

A continuación analizarase a inmigración atendendo a súa procedencia, como no caso da emigración, estudarase a inmigración interna, diferenciando a que procede da mesma provincia daquela que ten orixe noutra provincia galega, e a inmigración externa, esta é a que procede doutra comunidade autónoma e do estranxeiro. Os datos son os correspondentes ao 2004.

**Número de persoas inmigrantes e taxa de representación.
Ano 2003**

Orixe	Inmigración interna			Inmigración externa			Total
	Da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Total	Doutra CCAA	Do Estranxeiro	Total	
Pazos de Borbén	74	7	81	19	15	34	115
	91,36%	8,64%	70,43%	55,88%	44,12%	29,57%	100%
AMV	5994	1635	7629	2778	3820	6598	14227
	78,57%	21,43%	53,62%	42,11%	57,89%	43,38%	100%
Pontevedra	13323	3314	16637	5966	7145	13111	29748
	80,08%	19,92%	55,93%	45,50%	54,50%	44,07%	100%
Galicia	46903	10409	57312	18331	19366	37697	95009
	81,84%	18,16%	60,32%	48,63%	51,37%	39,68%	100%

Fonte: INE, Estatísticas de variacións residenciais. IGE

A inmigración interna en Pazos de Borbén o 70,43% do total da inmigración, sendo o 29,57% a poboación que conforma a inmigración externa, provinte doutra comunidade autónoma ou do estranxeiro. As diferenzas con respecto á AMV e Pontevedra son salientables, xa que nestes dous territorios a proporción entre a inmigración interna e a externa está repartida de forma máis igualitaria, sendo a porcentaxe de inmigración interna na AMV do 53,62%, e de 55,93% en



Pontevedra, e de 43,38% e do 44,07%, respectivamente, para a inmigración externa. As porcentaxes de Galicia están máis cerca do de Pazos de Borbén, sendo o total da inmigración interna do 60,32% e a externa é de 39,68%.

Analizando a inmigración interna, obsérvase como a maioría da poboación inmigrante o fai dende a mesma provincia de orixe, no caso de Pazos de Borbén a porcentaxe de poboación representa o 91,36%, mentres que a AMV, Pontevedra e Galicia, posúen porcentaxes inferiores e semellantes, 78,57%, 80,08% e 81,84% respectivamente. No ano 2004 o número de persoas que fixaron a súa residencia en Pazos de Borbén procedentes doutra provincia galega foi de 7, representando o 8,64% da inmigración interna. Nos outros tres territorios incluídos na análise, as porcentaxes que representan a inmigración interna procedente doutra provincia galega están en torno ao 20%.

En canto á procedencia da inmigración externa, Pazos de Borbén recibe a maioría da súa poboación inmigrante doutras comunidades autónomas, 55,88%, mentres que o 44,12% provén do estranxeiro. Sen embargo, no caso dos outros tres territorios acontece que a poboación inmigrante procede na súa maioría do estranxeiro, especialmente no caso da AMV, onde a porcentaxe de persoas inmigrantes doutras comunidades autónomas é de 42,11% e de 57,89% do estranxeiro. No caso de Pontevedra a distribución é de 45,50% doutras comunidades autónomas e 54,50% do estranxeiro. En Galicia, mais cerca á distribución comentada para Pazos, a porcentaxe de persoas inmigrantes que chegan doutras comunidades autónomas é de 48,63%, mentres que as que veñen do estranxeiro é de 51,37%.

C) Saldo migratorio

De seguido, analizarase o saldo migratorio (no sucesivo, SM), que segundo o IGE, para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o total de inmigrantes e o total de emigrantes. Se o saldo migratorio posúe valores positivos indica que as entradas de poboación superan ás saídas, e ao contrario se é negativo. Tomaranse como anos de análise o 1992 e o 2003 e atenderase ao saldo migratorio interno e externo, segundo o esquema seguido anteriormente no estudo da emigración e a inmigración, diferenciando entre o saldo interno na mesma dentro da provincia e o saldo migratorio interno co resto e Galicia. Tamén se considerará o saldo migratorio externo con outras comunidades autónomas e co estranxeiro.

Os valores incluídos no cadro anterior, mostran como en Pazos de Borbén, tanto no ano 1992 como no 2003, os saldos migratorios son negativos, producíndose un aumento entre ambos anos de mais de 261 puntos, acadando un valor do -318, o que pon de relevo o aumento do fenómeno inmigratorio entre estes anos. O saldo migratorio interno tamén ten aumentado entre estes dous anos, sendo o número de persoas emigrantes que superaron ás inmigrantes no 1992 de 92 e no 2003 de 261. Como xa se analizou no estudo da inmigración, a maioría da poboación que inmigra dende a mesma provincia é superior á que o fai dende outra provincia galega, o que se traduce nun saldo



migratorio intraprovincial no ano 1992 de -85 e de -228 no ano 2003. O saldo migratorio co resto de Galicia foi no 1992 do -5 e no ano 2003 do -57.

No caso do saldo migratorio externo, pasou dun valor positivo no ano 1992, no que o número de persoas emigrantes superaron en 17 ás inmigrantes, a un saldo xa negativo no ano 2003, con 60 persoas mais en comparación coas que emigraron. No caso do saldo migratorio externo co estranxeiro, en Pazos de Borbén segue sendo positivo, aínda que houbo unha redución entre estes anos no número de persoas emigrantes fronte as inmigrantes, así, no ano 1992, o número de persoas que abandonaron o concello superou en 16 ás que chegaron, mentres que no ano 2003, a diferenza se reduciu a 3 persoas mais que abandonaban o concello cara outro país fronte ás que chegaban a Pazos de Borbén.

Saldos Migratorios, internos e externos
Anos 1992 e 2003

Tipo de Saldo Migratorio	Pazos de Borbén		AMV		Pontevedra		Galicia	
	1992	2003	1992	2003	1992	2003	1992	2003
SM Total	-57,00	-318	3397	9751	30821	68402	-21916	-53092
SM Interno	-90	-261	1927	4456	18440	41944	-18209	-41888
SM Interno Intraprovincial	-85	-228	1283	3402	15024	34642	-15024	-34642
SM Interno con Galicia	-5	-33	644	1054	3416	7302	-3185	-7246
SM Externo	33	-57	1470	5295	1759	4079	6915	11175
SM Externo con España	17	-60	844	1518	-49	-1274	607	-3627
SM Externo co Estranxeiro	16	3	626	3777	1808	5353	6308	14802


Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

Como se recolle na táboa, o saldo migratorio na AMV e Pontevedra posúe valores positivos nestes dous anos de referencia, igualmente acontece en toda a tipoloxía de saldos migratorios reflectida na mesma. A única excepción corresponde a Pontevedra, que ten saldo migratorio positivo de tipo externo con España nos dous anos, é dicir, que o número de persoas que emigraron da provincia de Pontevedra cara España no ano 1992 foi maior que os que inmigraron en 49 persoas e no ano 2003 en 1274. No caso do conxunto galego a experiencia é similar a analizada en Pazos de Borbén, xa que



nestes dous anos tódolos saldos migratorios recollidos teñen valores negativos, a excepción do saldo migratorio externo co estranxeiro, que tanto no ano 1992 como no ano 2003, foron positivos superando o número de inmigrantes ao de emigrantes, en 6308 e 14802 respectivamente. Este feito a nivel de Galicia ven determinado polo aumento da poboación emigrante retornada que está acadando nestes últimos anos un peso significativo na comunidade autónoma.

Para finalizar co estudio dos movementos migratorios en Pazos de Borbén, a continuación analizarase a taxa de crecemento migratorio, que se define como a diferenza entre o número de inmigrantes e o número de emigrantes con respecto a poboación total nun período determinado por cada 1.000 habitantes, de xeito que os valores positivos implican que a inmigración é maior que a emigración, polo tanto, valores negativos indican que as saídas de poboación superan ás entradas. Tomando este indicador é posible comparar cal é o comportamento dos movementos migratorios no concello de Pazos de Borbén en relación a AMV, Pontevedra e Galicia. A gráfica representa que no ano 1991 o número de persoas emigrantes superaban ás inmigrantes, cunha taxa de -6,00%. No seguinte ano incluído na gráfica, 2001, a situación trócase, acadando unha taxa positiva de 4,53%, é dicir, que a inmigración supera á emigración con valores de 4,53% no 2001 e, de novo no ano 2004, a taxa retorna a valores positivos, é dicir, que a poboación que abandona o concello, supera á que entra, nunha taxa do -3,80%. Na AMV, os valores da taxa de crecemento migratorio posúe valores positivos constantes, no ano 1991 correspondíalle unha taxa de 1,39%, aumentando a 3,88% no ano 2001 e, cun lixeiro descenso no 2004, cun 3,20% por cada mil habitantes. En canto a Pontevedra, é significativo o aumento producido entre os anos 2001 e 2004, onde se pasou dunha taxa de 3,88% á de 72,96%. No caso de Galicia, as taxas pasan de valores positivos nos anos 1991 e 2001, 1,25% e 2,62%, respectivamente, a un valor negativo de -18,96 no ano 2004.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

6.5 Nivel de formación da poboación.

A seguir, analizarase o nivel de formación da poboación a través das estatísticas extraídas do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001, publicado polo INE e explotada polo IGE. Ademais, para o



ensino non universitario, tomaranse datos publicados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A) Nivel de estudos da poboación

En canto ao nivel de estudos da poboación, tómase a estatística do censo do 2001 que recolle a poboación de 16 e máis anos de idade en vivendas unifamiliares, segundo o sexo e o nivel de estudos, o cadro a seguir, mostra as porcentaxes correspondentes, para o conxunto da poboación de Pazos de Borbén e como se reparte a mesma entre homes e mulleres.

Os datos incluídos na seguinte táboa, mostran cómo un 64,7% da poboación de Pazos de Borbén, non completou ningún nivel elemental de ensino, repartíndose esa porcentaxe entre un 4,89% que “Non sabe ler nin escribir”, que o IGE considera segundo a súa definición, como poboación analfabeta. Deles, un 15,50% son homes, mentres que o 84,50% son mulleres. Un 20,86% ten “Menos de 5 anos de escolarización”, repartíndose segundo sexo entre un 37,27% de homes e un 62,73% de mulleres. E un 38,95% que non rematou o bacharelato elemental, a ESO ou a EXB, sendo a proporción de mulleres de 51,22% e de homes de 48,78%. A maior porcentaxe de poboación que acadou algún nivel académico, concéntrase na categoría “Bacharelato elemental, ESO ou EXB”, co 24,42%, desagregándose por sexo en 47,47% no caso das mulleres e de 52,33% no dos homes. O “Bacharelato superior, BUP,/LOXSE, COU/PREU” é o nivel que segue por concentración de poboación, aínda que con moita diferenza con respecto ao anterior, xa que so un 4,47% da poboación acadou este nivel de formación. Neste caso, a porcentaxe de homes é inferior, aínda que lixeiramente, con respecto ao das mulleres, 49,15% e 50,85% respectivamente. En nivel de FP de Grao Medio, encóntrase un 1,37% da poboación, sendo superior a porcentaxe de homes con respecto ao das mulleres, neste caso, 58,33% e 41,67% respectivamente. No nivel de FPII a porcentaxe de poboación representa o 2,81%, as mulleres son o 48,65%, mentres que os homes representan o 51,35%. Nos niveis de estudos universitarios e diplomatura e licenciatura, cunhas porcentaxes sobre o total da poboación do 1,48% e o 0,72%, respectivamente, as mulleres son maioría. No caso das diplomaturas, acadan o 61,54%, fronte ao 38,46% dos homes. No caso dos estudos de licenciatura, as mulleres son o 52,63% mentres que os homes representan o 47,37%. Por último, no nivel de doutoramento, so un 0,7% da poboación acadou ese nivel, en termos absolutos corresponde a unha persoa do sexo masculino.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo. Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Non saben ler nin escribir	4,89%	15,50%	84,50%
Menos de 5 anos de escolarización	20,86%	37,27%	62,73%
Sen completar bacharelato elemental, ESO ou EXB	38,95%	48,78%	51,22%




Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo. Ano 2001

Nivel de estudos	Total	Homes	Mulleres
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	24,42%	52,33%	47,67%
Bacharelato Superior BUP/LOXSE, COU/PREU	4,47%	49,15%	50,85%
FPI, FP grao Medio, Oficialía industrial	1,37%	58,33%	41,67%
FPPII, FP Grao Superior, Mestría Industrial.	2,81%	51,35%	48,65%
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	1,48%	38,46%	61,54%
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	0,72%	47,37%	52,63%
Doutoramento	0,70%	100%	0,00%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE

B) Taxa de analfabetismo

Como xa se sinalou, o analfabetismo da poboación, mídese como a porcentaxe de poboación que sobre o total dun territorio determinado, non sabe ler nin escribir. Nesta ocasión analizarase o analfabetismo comparándoo coas porcentaxes correspondentes á AMV, Pontevedra e Vigo, e tendo en conta a distribución entre sexos, neste caso sobre o total da poboación. Pazos de Borbén, a taxa total de analfabetismo no ano 2001 era de 4,89%, representando en termos absolutos a 129 persoas. A taxa sobre o total da poboación correspondente aos homes era de 1,66%, case 6 puntos por baixo da correspondente ás mulleres, que era de 7,61%. O número absoluto de homes era de 20, e o das mulleres de 109.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE




Ao comparar estas taxas cosas da AMV, observase como ao conxunto do territorio AMV correspóndelle unha taxa de analfabetismo total de 1,59%, máis de 3 puntos por baixo da de Pazos de Borbén.

No caso dos homes da AMV, a taxa é tamén menor que a correspondente a Pazos de Borbén, sendo de 0,75%, e con respecto ás mulleres, tamén significativamente inferior á que experimenta o concello, xa que as mulleres que non saben ler nin escribir no conxunto de concellos da AMV é de 2,35%. As taxas correspondentes a Pontevedra e a Galicia, comparte valores similares aos da AMV, aínda que estes son sempre inferiores. Así, no caso de Pontevedra a taxa total é de 1,82% e en Galicia de 2,05%. No caso dos homes, á provincia correspóndelle un valor de 0,89% e a Galicia un valor lixeiramente superior, de 1,03%. As mulleres, como acontece en Pazos e na AMV, posúen unha taxa mais alta de analfabetismo, que é de 2,35% na provincia e de 2,98% na comunidade autónoma.

C) Tipo de estudos da poboación

A seguinte gráfica ofrece datos sobre a poboación de 16 anos e mais en vivendas familiares con nivel de estudos clasificables segundo tipo para o total da poboación do concello así como a súa distribución por sexo, no ano 2001. Os datos mostran como a maioría da poboación ten algún estudio dentro da categoría das “Ciencias Sociais”, sendo un total de 62 persoas, das cales, 41 son mulleres e 21 homes. Os outros tipos de estudos maioritarios entre a categoría de poboación sinalada, son os de “Formación técnica e industrias” con 49 persoas, delas, 43 son homes, e 6 son mulleres, o tipo “Maxisterio e Servizos Sociais” con 16 persoas, 11 mulleres e 5 homes, e o de “Saúde e Servizos Sociais” con 15 persoas, sendo 4 homes e 11 mulleres. Estes datos mostran a tendencia tradicional a que os homes se especialicen en actividades relacionadas con sectores da industria, sendo as mulleres as que se formen e dediquen laboralmente a actividades relacionadas cos servizos sociais. Así acontece no tipo de estudos “Enxeñerías”, onde das 8 persoas incluídas nese grupo, 6 son homes e 2 mulleres. É salientable o feito de que a pesares de que Pazos de Borbén é un concello rural, soamente 3 persoas teñen formación clasificada como de tipo “Agricultura, Gandería, Pesca; Veterinaria”, distribuíndose por sexo entre 2 homes e 1 muller. Os outros tipos de estudos, “Artes e Humanidades”, “Dereito”, “Informática, enxeñerías”, “Ciencias” e Arquitectura ou construción”, reúnen a un total de 17 persoas. No tipo de estudos clasificables como “Agricultura, gandería e pesca”, non se atopa ningunha persoas do concello de Pazos de Borbén.





D) Lugar de estudo da poboación

O seguinte cadro, amosa o lugar de estudo da poboación pacense non ocupada de 16 anos e mais, tendo en conta o sexo no ano 2001. A gran maioría da poboación, 70,97%, estudan noutro concello da provincia, mentres que no mesmo concello o fai un 18,06% da poboación. Noutra provincia de Galicia estuda unha porcentaxe do 5,16%. Só un 1,29% estuda noutra comunidade autónoma e no estranxeiro o fai o 3,23% da poboación de Pazos de Borbén. En canto á distribución por sexo, obsérvase que as mulleres son as que menos mobilidade experimentan á hora de estudar, sendo maior o número de mulleres desocupadas de 16 anos e mais que estudan no concello, 57,15%, ou noutro concello da provincia, 68,2%, que os homes, que representan o 42,85% e o 31,8%, respectivamente. A porcentaxe de homes supera á de mulleres cando o lugar de estudo é outra provincia galega, 62,5%, sendo as mulleres o 37,5% ou no caso dos estudos no estranxeiro, onde a porcentaxe de homes é do 60%, fronte ao 40% das mulleres. Onde si coinciden homes e mulleres é no caso dos estudos que se realizan noutra comunidade autónoma.



Poboación estudante de 16 e mais anos, non ocupada,
segundo sexo e lugar de estudo
Ano 2001

Lugar de estudo	Total	%T	H	% H	M	% M
O propio domicilio	1	0,65	0	0,00	1	100,00
Varios concellos	1	0,65	0	0,00	1	100,00
Mesmo concello	28	18,06	12	42,85	16	57,15
Outro concello da mesma provincia	110	70,97	35	31,8	75	68,2
Outra provincia de Galicia	8	5,16	5	62,5	3	37,5
Outra Comunidade Autónoma	2	1,29	1	50,00	1	50,00
O estranxeiro	5	3,23	3	60,00	2	40,00
Total	155	100	56	36,13	99	63,87

Fonte: IGE. INE Censo 2001

E) Educación non universitaria

Pazos de Borbén dispón de tres centros de ensinanza non universitaria de titularidade pública, 2 deles dedicados exclusivamente a Educación Infantil, e o terceiro a Educación Infantil, Primaria e Secundaria. No curso académico 2003/2004, o total do alumnado matriculado nestes centros era 288, deles, 45 encontrábanse matriculados no nivel de Educación Infantil, 131 en Educación Primaria e 112 no nivel de Educación Secundaria Obrigatoria.

6.6 Vivenda.

Os datos referidos a situación da vivenda no concello de Pazos de Borbén foron obtidos do IGE e proveñen do Censo de Poboación e Vivenda do ano 2001, realizado polo INE. Segundo o IGE, considérase vivenda ao “recinto estruturalmente separado e independente que, pola forma en que foi construído, reconstruído, transformado ou adaptado, está concibido para ser habitado por persoas, ou, aínda que non fose así, constitúe a residencia habitual de alguén no momento censal”. Considérase edificio á “construción permanente, separada e independente, concibida para ser utilizada como vivenda ou para servir a fins agrarios, para a prestación de servizos ou, en xeral, para desenvolver calquera actividade” (administrativa, comercial, industrial, cultural, ...), e a definición de local que como a de vivenda, trátase dun “recinto estruturalmente separado e



independente, que non está dedicado exclusivamente a vivenda e no que se levan ou se poden levar a cabo actividades económicas dependentes dunha empresa ou institución. O recinto debe estar situado nun edificio, total ou parcialmente”.

A) Tipo de vivenda

O número total de vivendas no ano 2001 en Pazos de Borbén era 2.209, representando o 1,14% do total e vivendas da AMV. Delas, 1.687 eran vivendas principais o que representa un 76,37%, o número de vivendas secundarias era de 327, o 14,80% do total. As vivendas baleiras eran 189, representado un 8,56% do total. O número de edificios era nese ano 2.119 e o número de locais 134.


Das 1.687 vivendas principais no concello, 120 dispoñen de segunda vivenda, o que ben representar o 7,11%, sendo un 92,89% as que non dispoñen de segunda vivenda. Na AMV a porcentaxe de vivendas principais que dispoñen de segunda vivenda é de 10,94% por riba de Pontevedra, 9,24% e de Galicia, 10,71%.

B) Réxime de tenza da vivenda

En canto ao réxime de tenza da vivenda no concello, a forma maioritaria é a de propiedade por herdanza ou doazón, no que se atopan un total de 1.063 vivendas, o que ben representar o 63,60%. O segundo réxime de tenza maioritario no concello é o clasificado como “En propiedade por compra, totalmente pagada”, contabilizándose 460 vivendas. Seguen as clasificadas como “outras formas”, 100, representado o 5,93%. As vivendas en propiedade pendentes de pagamento son 35 (1,13%) e as que se atopan en aluguer son soamente 19 (1,13%).

Na gráfica que segue comparamos as porcentaxes que representan cada un dos réximes de tenza no concello, na AMV, Pontevedra e Galicia. Destaca a porcentaxe de vivendas clasificadas como “En propiedade por herdanza ou doazón”, que en Pazos de Borbén representan o 63,60% sendo o principal, característico dos espazos rurais, mentres que na AMV ese réxime representa o 14,10%, ocupando o cuarto lugar, en Pontevedra e Galicia, polo peso do rural, aumenta a 20,81% e 21,44% respectivamente.






Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE.

Seguidamente analízanse os datos que teñen que ver coa calidade da vivenda e do seu contorno, estudados a través dos principais problemas identificados. No concello o principal problema identificado é o de falta de limpeza nas rúas, manifestado nun 33,55% das vivendas, aínda que por debaixo da porcentaxe da AMV, 48,86%, Pontevedra, 40,61% e por riba do conxunto galego, 30,50%. O seguinte inconveniente sinalado en Pazos de Borbén é o das “malas comunicacións”, cun 26,85%, so superado pola porcentaxe da AMV, 30,34%. En Pontevedra a porcentaxe é moi similar á de Pazos de Borbén, 26,34% e en Galicia é de 21,34%. Como terceiro dos principais problemas identificados en Pazos de Borbén, aínda que bastantes puntos por debaixo dos dous primeiros, sinalase o da escaseza de zonas verdes, manifestado por un 8,83% das vivendas. Esta porcentaxe é significativamente mais baixo do que se atopa na AMV, 46,33% e un pouco menos no caso de Pontevedra, 37,75% e Galicia, 30,75%.

C) Principais problemas da vivenda e do contorno



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE.

Os outros problemas de vivenda e o contorno sinalados na gráfica, non son significativos no concello de Pazos de Borbén, mentres que si teñen unha importancia significativa no caso do conxunto e concellos incluídos na AMV, en Pontevedra ou Galicia, caso do “Ruídos externos”, que na AMV representa o 33,37%, o 25,04% en Pontevedra ou o 20,14% en Galicia, mentres que en Pazos de




Borbén so se sinala como problema no caso do 2,25% das vivendas. No caso da contaminación, que en Pazos de Borbén é sinalado por unha pequena porcentaxe do 1,42%, representa na AMV o 21,84%, o 18,15% en Pontevedra e un 14,00% en Galicia. No caso da delincuencia ou o vandalismo, a porcentaxe de Pazos é do 0,46%, e na AMV é do 23,93%, do 17,69% en Pontevedra e do 13,67% en Galicia.

Estes datos poñen de manifesto as características rurais do concello de Pazos de Borbén, onde as problemáticas identificadas defiren das que se poden sinalar nun espazo como a AMV, onde o peso do urbano é determinante, facendo que a poboación identifique outra serie de inconvenientes na súa vivenda e entorno, claramente demostrado nestes datos no caso da contaminación ou a delincuencia.

D) Residentes e tamaño medio da vivenda

Para finalizar a análise da vivenda no concello, terase en conta o número de residentes así como tamaño medio da mesma. Volvendo aos datos do Censo do ano 2001, en Pazos de Borbén, a maioría das vivendas contabilizadas son de dous residentes, representando o 22,47% por riba da AMV (21,52%) e Pontevedra (20,94%) e por debaixo de Galicia (23,38%), onde esta categoría é tamén a maioritaria. As vivendas de un residente, son o segundo grupo maioritario en Pazos de Borbén, con un total de 374 vivendas, que representan o 22,17%. AMV, Pontevedra e Galicia están por debaixo deste valor de Pazos de Borbén, compartindo porcentaxes similares, AMV 17,12%, Pontevedra 17,38% e Galicia un 19,71%.



Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE

As vivendas de 3 residentes en Pazos de Borbén son o terceiro grupo maioritario, e representan o 18,55%, neste caso os outros tres territorios están por riba, na AMV representan o 22,25%, o 21,22% en Pontevedra e o 21,76% en Galicia. O mesmo acontece coas vivendas de 4 residentes, que en Pazos son o 15,53%, mentres que na AMV é o grupo maioritario, cunha representación do 23,06%, e tamén en Pontevedra (22,15%), e en Galicia este grupo representa o 19,74%. As vivendas con máis número de residentes, entre 5 e 6, son as que representan as porcentaxes máis baixas nos catro territorios, aínda que novamente, as porcentaxes de Pazos de Borbén superan aos da AMV,



Pontevedra e Galicia, como se mostra na gráfica. As de cinco residentes son o 12,03% en Pazos de Borbén, o 9,85% na AMV, o 10,64% en Pontevedra e o 9,03% en Galicia. Mentres, as de catro residentes en Pazos de Borbén representan o 9,35%, e AMV, Pontevedra e Galicia, comparten valores similares en torno ao 7%.

En canto ao tamaño medio do fogar, Pazos de Borbén posúe un valor do 3,1 persoas por vivenda, igual que o que lle corresponde a Pontevedra. A AMV ten o valor mais alto, 3,24 persoas e Galicia o mais baixo con 3 persoas de media por vivenda.

Nº de residentes e tamaño medio do fogar		Pazos de Borbén	AMV	Pontevedra	Galicia
Total vivendas		1687	143.593	285.623	900.376
1 residente	Nº	374	24.696	49.653	177.476
	%	22,17	17,20	17,38	19,71
2 residentes	Nº	379	30.901	59.815	210.529
	%	22,47	21,52	20,94	23,38
3 residentes	Nº	313	31.952	60.597	195.915
	%	18,55	22,25	21,22	21,76
4 residentes	Nº	262	33.115	63.271	177.737
	%	15,53	23,06	22,15	19,74
5 residentes	Nº	203	14.150	30.397	81.291
	%	12,03	9,85	10,64	9,03
6 ou máis residentes	Nº	156	8.779	21.890	57.428
	%	9,25%	6,11	7,66	6,38
Tamaño medio do fogar		3,1	3,24	3,1	3,00

Fonte: elaboración propia a partir de datos do IGE


7. MERCADO DE TRABALLO

A continuación ofrecemos os datos do mercado de traballo correspondentes a Pazos de Borbén. Neste apartado analizaremos o comportamento das principais variables do mesmo, como son o nivel de actividade, ocupación e desemprego, contemplando a súa evolución e desagregación por sexo e sectores económicos.



Estes datos están sacados para o caso da actividade e ocupación, do Padrón municipal de habitantes de 1996 e do Censo de poboación e vivenda do ano 2001, mentres que para o desemprego utilizáronse as estatísticas obtidas da Consellería de Traballo.

Evolución das taxas de actividade e ocupación
1996-2001



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

No período que vai entre 1996 e o 2001, o concello de Pazos de Borbén experimentou unha melloría nas súas taxas de actividade e ocupación debido ao crecemento que experimentaron o número de activos e ocupados do concello. A pesar diso estas taxas atópanse por debaixo das de Pontevedra, Galicia e da AMV.

Características da poboación maior de 16 anos
Ano 2001


	Poboación maior de 16 anos	Activos /as	Ocupados /as	Inactivos					
				Total	Xubilados /as	Pensionistas	Estudantes	Tarefas do fogar	Outra situación
Homes	1.203	794	622	409	238	60	51	12	48
Mulleres	1.433	526	347	907	365	142	83	269	48
Total	2.636	1.320	969	1.316	603	202	134	281	96

Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Na anterior táboa están os datos sobre as características da poboación maior de 16 anos en relación coa a actividade de Pazos de Borbén. Aquí pódense apreciar as diferenzas que hai entre a poboación masculina e feminina do concello. Así mentres que para as mulleres o número de inactivas é maior que o de activas, para os homes pasa exactamente o contrario. Tamén se observa como a distribución da poboación inactiva nas diferentes categorías é distinta, tendo un peso moi importante para as mulleres os epígrafes de xubilados e tarefas do fogar, mentres que para os




homes eran os de xubilados e pensionistas. Este feito é significativo dunha menor incorporación da muller ao mercado de traballo.



Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Dentro do colectivo de inactivos do Concello de Pazos de Borbén cabe destacar o peso que teñen os xubilados no cómputo total dos mesmos. Estes supoñen o 40,24% dos inactivos, aínda que o seu peso é distinto entre sexos, sendo maior no caso das mulleres (58,19%) que no dos homes (45,82%).

**Porcentaxe de variación do paro con respecto ao mesmo mes do ano anterior
Xaneiro 2003-xaneiro 2005**



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC


O número de desempregados do concello estivo variando, durante o período de xaneiro 2003 a xaneiro 2005, entre os 170 parados (setembro 2003) e os 287 parados (xaneiro 2005). Durante este lapso de tempo puidéronse apreciar varias etapas: primeiro unha etapa expansiva, que se prolongou de xaneiro do 2003 a xullo do 2003; posteriormente unha recesiva que veu durando dende xullo do 2004 ata febreiro do 2004; e por último, outra etapa expansiva dende xullo 2004 ata xaneiro 2005. Así en xaneiro do 2005 o volume de desempregados era de 287 persoas, o que significa que en todo



este período de tempo se incrementou o número en 30 parados, e supuxo un crecemento en termos relativos do 11,67%

7.1 Actividade


A taxa de actividade do concello de Pazos de Borbén situouse no 2001 no 50,08%, o que supuxo un avance con respecto ao valor do 1996 de 7,94 puntos porcentuais. Isto fixo que se reduciran as diferenzas con respecto aos valores da área metropolitana de Vigo, da provincia de Pontevedra e de Galicia que para o ano 2001 presentaban uns valores do 54,38%, do 52,69% e do 50,68%, respectivamente.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Unha das causas desta alza na taxa de actividade hai que buscala na subida experimentada polo nivel de actividade feminino, posto que os seus valores creceron máis de 12 puntos no período 1996-2001. Con todo e isto, a taxa de actividade feminina segue a estar moi por baixo da masculina, representando o 55,62% da taxa de actividade masculina. Ademais, tal e como se observa na anterior gráfica, se comparamos este valor cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia, vese como, mentres que a taxa de actividade masculina presenta unhas cifras moi similares as destes territorios, a feminina atópase por debaixo delas, con diferenzas que están en torno aos 4 e os 7 puntos porcentuais.





Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

Durante o período 1996-2001 produciuse un aumento da taxa de actividade de 7,94 puntos porcentuais, pasando dun valor do 42,14% ao 50,08%. As causas desta subida hai que buscalas en varios condicionantes como son:

- Á perda da poboación no concello de Pazos. Entre o ano 1996 e 2001 os efectivos demográficos reducíronse en 196 persoas, o que supuxo unha caída dun 5,97% do número de persoas residentes. Esta baixada da poboación afectou sobre todo ao colectivo dos inactivos, sendo os xubilados e os estudantes os epígrafes máis afectados.
- Á subida da actividade feminina, que durante o período gañou máis de 12 puntos porcentuais na súa taxa.

No que se refire a distribución da actividade entre sexos, tal e como se pode apreciar na anterior gráfica, existe unha grande desigualdade no mercado de traballo de Pazos de Borbén, posto que a taxa feminina supón o 55,62% da taxa masculina. Así, no ano 2001 a taxa masculina estaba situada no 66,00%, mentres que a feminina tan só era do 36,71%, sendo polo tanto o diferencial de 29,29 puntos.

A xeito de conclusións sobre a actividade no mercado de traballo de Pazos de Borbén podemos sinalar o que segue:


- A subida da taxa de actividade global fixo que o seu nivel se equiparase aos da AMV, Pontevedra e Galicia.
- Esta subida tivo especial incidencia na poboación feminina, pero, malia isto, as diferenzas entre sexos seguen a ser grandes.



7.2 Ocupación


A taxa de ocupación no concello de Fornelos, ao igual que a de actividade, experimentou unha subida no período 1996-2001. Así, mentres que en 1996 estaba situada na cifra do 30,88%, no 2001 pasou ao 36,76%, o que supuxo unha alza de 5,88 puntos porcentuais.

A pesar deste incremento, as diferenzas con respecto á AMV, Pontevedra e Galicia estiveron medrando no período 1996-2001, debido a que o incremento que se produciu nestes territorios foi maior. Deste xeito, hoxe en día as taxas de actividade destes territorios están nos 46,66%, 45,65% e 44,33%, respectivamente.



Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE

A nivel de sexos, as diferenzas coas taxas de ocupación da AMV, Pontevedra e Galicia, son variable. Así, no caso dos homes o diferencial vai dende os 3,20 puntos con respecto a Galicia, ata preto dos 7,82 puntos coa AMV, mentres que para as mulleres as diferenzas son máis amplias, variando dende os 9,88 puntos comparado coa taxa de Pontevedra, ata os 10,8 puntos coa AMV.




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do IGE



Por outra banda, ao analizar a ocupación por sectores de actividade económica pódese observar como o sector que ten un maior peso no emprego é o dos servizos, que no ano 2001 supuña o 46,00%. Este valor está por baixo dos que presentaban a Área Metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia, que eran do 60,53%, 56,48% e 57,92%, respectivamente.


O segundo sector que emprega un maior número de persoas no concello é o da industria, que supón o 28,57% da poboación ocupada, estando practicamente 9 puntos por riba da porcentaxe que representa o sector da construción de Pazos de Borbén (19,55%). A nivel de área metropolitana, Pontevedra e Galicia o segundo posto tamén o ocupa o sector industrial cuns valores do 25,35%, 22,03% e 18,70%, respectivamente. Mentres que a construción non supera en ningún caso o 13% dos ocupados.



Fonte: Censo de Poboación e vivenda. IGE

Por último, as actividades agrogandeiras teñen un peso bastante reducido en Pazos de Borbén, posto que só representa o 4,15% dos ocupados, porcentaxe que está moi parella á porcentaxe provincial (4,16%), pero por baixo da autonómica (7,66%). Na área metropolitana de Vigo a agricultura e gandería, posúe un peso menor dos ocupados, posto que este tan só supuña ao 1,05% dos mesmos.






Esta situación é o froito dun proceso de varios anos nos que o concello estivo a mudar a súa estrutura produtiva, pasando dunha economía agraria ao que se pode considerar como un mercado do traballo terciarizado, onde as actividades relacionadas cos servizos teñen un peso moi importante no emprego. Así, durante o período 1996-2001 pódense observar tres profundos cambios na ocupación por sectores económicos do concello de Pazos de Borbén:

- En primeiro lugar, hai unha perda de peso no emprego do sector servizos, que cae 8,89 puntos porcentuais.
- En segundo lugar, o emprego agrario tamén resulta prexudicado pola perda de emprego baixando 6,63 puntos porcentuais.
- En terceiro lugar, os sectores industrial e da construción son os que máis se beneficiaron da perda de peso dos dous anteriores, posto que a industria incrementou en 9,94 puntos a súa porcentaxe de participación, e a construción en 4,81 puntos. Este proceso foi debido á atracción que o sector industrial e da construción da zona de Vigo tivo sobre a poboación local, de xeito que máis do 80% dos traballadores desenvolven a súa actividade fora do seu concello de residencia, sendo Vigo e Porriño os principais polos de atracción da man de obra.



Poboación ocupada por sectores económicos e sexos.
Ano 2001




Fonte: Censo de poboación e vivenda 2001. IGE

No que se refire a distribución da poboación ocupada por sectores económicos e sexo, na anterior gráfica pódese ver como as diferenzas son bastante profundas entre homes e mulleres. Así, mentres que as mulleres case exclusivamente se ven relegadas as actividades de servizos (50,99%) e industria (38,59%), a dos homes está máis repartida entre servizos (43,20%), construción (29,75%) e industria (22,94%).

Por outra banda, analizando a poboación ocupada por situación profesional, obsérvase que a maior parte teñen a condición de asalariados, posto que no ano 2001 o 86,42% dos mesmos realizaban un traballo por conta allea. Se comparamos esta cifra coas que presentan a área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia, observamos como o seu valor se atopa por riba dos tres, que foron do 84,57%, 80,20% e do 76,80%, o que nos fala da importancia do traballo asalariado no concello de Pazos de Borbén.

Poboación ocupada por situación profesional
Ano 2001



Fonte: Censo de poboación e Vivenda. IGE


Dentro do colectivo de asalariados, son os eventuais os que teñen un maior peso acadando unha cifra do 48,02% dos ocupados totais, mentres que os fixos só supúñan o 38,40% dos ocupados. Isto quere



dicir que no concello de Pazos de Borbén existe unha grande temporalidade no emprego, sendo a taxa de temporalidade do 55,57% dos asalariados. Ademais, se o comparamos coas taxas de temporalidade da AMV (34,31%), Pontevedra (38,09%) e Galicia (36,59%), ponse de relevancia a alta inestabilidade do emprego que viven os traballadores do concello.

Por outra banda, o empresariado representa o 12,72% dos ocupados do concello, cifra que está por baixo da mostrada pola AMV (14,90%), Pontevedra (18,82%) e Galicia (22,18%). Este empresariado adoita facer un traballo autónomo sen contratar persoal algún, posto que o 64,29% dos mesmos está dentro da categoría empresario que non emprega persoal, o que é indicativo dun tecido empresarial composto na súa maioría por microempresas. O resto, 35,71%, atópase dentro do colectivo de empresarios que teñen persoal asalariado.

Analizando a ocupación por situación profesional e sexo, podemos ver como o colectivo de ocupados homes é sempre maior en número ao das mulleres, agás para os catalogados como *outras situacións* e os *membros de cooperativas*, aínda que se nos fixamos na porcentaxe que representa cada unha das profesións dentro do colectivo, obsérvase como a proporción de *mulleres empresarias que non contratan traballadores* é maior que a dos homes (9,86% fronte a 7,28%), así como a de *asalariadas de carácter eventual* (51,27% fronte a 46,20%), as catalogadas como *outras situacións* (1,69% fronte a 0,32%) e as persoas *membros de cooperativas* (1,69% fronte a 0,16%). Tamén se pode ver que as mulleres de Pazos de Borbén están sometidas a unha temporalidade moito maior que a dos homes, posto que no ano 2001 a taxa de temporalidade feminina era do 59,28% mentres que a masculina era do 53,48%.



1. Dirección das empresas e das administracións públicas
2. Técnicos/as e profesionais científicos/as e intelectuais
3. Técnico/as e profesionais de apoio
4. Empregados/as de tipo administrativo
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores/as
6. Traballadores cualificados na agricultura e na pesca
7. Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería
8. Operadores/as de instalacións e maquinaria, e montadores
9. Traballadores/as non cualificados
10. Forzas armadas

No que se refire á poboación ocupada por profesión, en Pazos de Borbén podemos ver como, en liñas xerais, os ocupados tenden a estar en grupos profesionais de media-baixa cualificación. Así o primeiro lugar ocúpalo os *artesanís e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, da construción e da minería*, cun 27,25% dos ocupados. En segundo lugar atópanse os *traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores*, que representan o 20,57% e por detrás sitúanse os operadores de instalacións de maquinaria e montadores, cun 18,95% e os *traballadores*



non cualificados, cun 14,08%. O resto das profesións, móvense nuns valores bastante discretos, sobre todo cando se trata de postos de dirección e técnicos, onde non se acada o a cifra do 5%.

Se estudamos a poboación ocupada por profesión e sexo, pódense apreciar grandes diferenzas. Así, no caso dos homes as profesións están máis relacionadas coa industria, a construción e os servizos, por esa orde de importancia, mentres que a das mulleres estano cos servizos e a industria. Para os homes, no ano 2001, as tres profesións máis representativas eran as de *artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras* (33,39%), os *operadores de instalacións e maquinaria* (18,51%) e os *traballadores de servizos de restauración* (16,93%) . Mentres que para as mulleres as tres profesións que máis ocupación tiveron no ano 2001 foron as *traballadoras de servizos de restauración* (27,04%), os *operadores de instalacións e maquinaria* (19,72%) e os *artesáns e traballadores cualificados das Industrias manufactureiras da construción e da minería* (16,34%). Ademais, as mulleres teñen máis dificultades para chegar aos postos directivos, o chamado “teito de cristal”, posto que mentres que 33 homes desempeñan traballos de *dirección das empresas e das administracións públicas*, tan só 15 mulleres de Pazos de Borbén chegaban a este tipo de postos. Esta diferenza entre sexos tamén se fai notar nos postos técnicos e de apoio ás labores de dirección.

Desta análise da ocupación despréndense varias conclusións, como son:

- O crecemento da taxa de ocupación global non logrou reducir as diferenzas coa AMV, Pontevedra e Galicia.
- As diferenzas entre sexos reducíronse no período 1996-2001, pero aínda continúan a ser moi altas.
- O mercado do traballo do concello ten un marcado carácter terciario, pero o sector industrial tamén ten un peso importante debido á proximidade de importantes áreas industriais, como son O Porriño e Vigo.
- A crise das actividades agrarias está a provocar un cambio na redistribución sectorial dos traballadores, sendo a industria e a construción os novos sectores elixidos.
- Os traballadores asalariados de Pazos de Borbén soportan unhas altas taxas de temporalidade no emprego, afectando esta, en maior medida, ás mulleres do concello.
- A maior parte dos ocupados do concello traballan en concellos veciños, sendo Vigo e Porriño os que concentran unha maior cantidade de pacenses.
- A cualificación da man de obra pacense é media-baixa, estando centrada, sobre todo, en profesións relacionadas cos servizos e a industria.



7.3 Desemprego

Os valores do paro rexistrado obtéñense do rexistro que a tal efecto existe nas Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia e no Instituto Social de la Marina, onde os parados se poden inscribir para solicitar servizos de intermediación laboral, formación, prestacións, etc.

Estas estatísticas difiren das aportadas pola EPA debido a que mentres que estas resultan dunha estimación estatística, os primeiros son resultado dun rexistro no que por diversos motivos non todos os colectivos se inscriben (por ter unha baixa expectativa de acceder ao traballo), ou determinados desempregados non son computados como parados (os estudantes de ensino oficial menores de 25 anos, demandantes dun emprego por período inferior a tres meses, demandantes con xornada semanal menor de 20 horas ou traballadores eventuais agrarios beneficiarios do subsidio especial de desemprego). Na EPA, en cambio, considéranse paradas a tódalas persoas de 16 ou máis anos que están sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego ou que xa atoparon traballo e están á espera de se incorporar ao mundo laboral.


Tendo en conta isto, decantámonos por coller os datos do desemprego proporcionado polas oficinas de emprego da Xunta de Galicia debido á súa mellor accesibilidade é ao feito de que os datos da EPA ao seren o resultado dunha enquisa, non se poden obter a escala local. Así e todo, os datos cos que traballamos supoñen un bo indicador da composición e da evolución do desemprego no concello de Pazos de Borbén.

Para proceder ao análise do desemprego no concello imos estudar os datos dende varios puntos de vista:

- Dende un punto de vista temporal, no que se analizará a súa evolución ao longo dos anos 2003 e 2004, así como a súa porcentaxe de variación con respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Dende un punto de vista espacial, no que se compara a evolución da cifra de desemprego de Pazos de Borbén coas da área metropolitana de Vigo, Pontevedra e Galicia.
- Dende a perspectiva dos sexos e da idade dos demandantes.
- Dende un punto de vista sectorial, no que se estuda o sector de actividade de onde proveñen os desempregados.




Evolución do paro rexistrado
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

No concello de Pazos de Borbén o desemprego experimentou numerosos altos e baixos durante os dous últimos anos, alcanzando o seu máximo absoluto en xaneiro 2005, con 287 desempregados, e o seu valor mínimo en setembro de 2003, con 170 desempregados. Durante este período, o desemprego pasou primeiro por unha etapa recesiva, ata setembro do 2003, posteriormente por unha fase alcista, outubro 2003 - abril 2004, e outra fase recesiva, maio 2004 - outubro 2004, para rematar o período cun alza nas cifras de desemprego. Así, en xaneiro do 2005, o paro acadou a cifra de 287 persoas paradas, o que significou unha suba de 30 persoas ou, expresado en termos relativos, un 11,67% máis que en xaneiro de 2003.

Comparación do número de parados rexistrados
xaneiro 2003-décembro 2004




Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior podemos observar como a evolución do desemprego presenta unha marcada estacionalidade que fai que descenda o volume de anotados nas oficinas do INEM durante o período que vai de abril a setembro, tendo os seus mínimos nos meses de agosto e setembro, para volver a



remontar nos meses do outono e inverno (de outubro a marzo) e acadando os seus máximos nos meses de decembro e marzo.


Comparando os valores do desemprego nos anos 2003 e 2004, pódese comprobar como no 2004 as cifras de paro foron, en xeral, superiores ás do ano anterior, Así, dende o mes de marzo do 2004 o número de persoas paradas situouse por riba da cifra de parados do mesmo mes do anterior e continuou en valores superiores durante o resto do ano.



Fonte: informe mensula do paro rexistrado. SGC

Na gráfica anterior represéntase a comparativa da evolución do desemprego coa área metropolitana, a provincia de Pontevedra e a comunidade autónoma de Galicia. Para iso tomouse como dato de referencia a cifra de desemprego de cada un dos territorios correspondente a xaneiro de 2003, co que se obtén a variación en termos relativos das cifras de desemprego nos catro territorios. Así, pódese observar como a evolución das cifras do paro o crecemento foi menor no concello de Pazos de Borbén durante practicamente todo o período, agás para os dous últimos meses, no que o crecemento do paro se disparou. Mentres que nas outras zonas os valores estiveron fluando cunha variación que nunca excede do 10% en torno ao valor de xaneiro de 2003, no concello as fluctuacións foron maiores e estiveron entre os -30% e o 10%. Deste xeito os ciclos económicos apercíbense máis marcados en Pazos de Borbén que no resto dos territorios, determinando unhas baixadas e subidas porcentuais máis acentuadas debido ás altas taxas de temporalidade do emprego do concello.






Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Ao estudar a distribución e evolución do desemprego do concello de Pazos de Borbén por sexos, pódese observar como en todo o período as cifras de paro femininas estiveron sempre por riba das masculinas. As diferenzas en número entre un e outro sexo mantivéronse durante o período entre as 21 (xaneiro 2004) e 80 (xullo 2004) persoas paradas. A poboación parada masculina foi a que presentou unha maior variabilidade durante o período e polo tanto as diferenzas entre sexos dependen máis dos seus valores que da cifra de paro feminino, así en termos relativos a cifra de paro masculino moveuse entre o 73,94% (xaneiro 2005) e o 42,86% (xullo 2004) da poboación parada feminina. Ao comparar a variación global do período, apreciase que, a cifra de paro masculino, foi a que maior incremento tivo no período, tanto en valores absolutos (16) como en relativos (10,6%).

No que atinxe á idade dos demandantes de emprego, temos que o colectivo de persoas maiores de 25 anos é o que presenta un maior número de desempregados, cousa bastante normal se temos en conta a dimensión do colectivo. Así no ano 2003 o grupo de persoas de entre 25 e 64 anos representaba o 51,62% da poboación total, mentres que a mocidade de entre 15 e 24 anos so supuña o 13,94%. Polo tanto se tivésemos en conta as taxas de paro por grupo de idades teríamos que estas son máis altas para os mozos e mozas de Pazos que para o resto de idades, posto que o peso relativo do paro neste colectivo é maior.




Evolución do paro por tramos de idade
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

Analizando a evolución do desemprego por sectores de actividade económica podemos ver como os parados que proveñen do sector servizos son os que teñen un maior peso dentro do global. Ademais na súa evolución pódese apreciar unha marcada estacionalidade, que tal e como se apreciou en gráficas anteriores está producida polos ciclos de actividade dos servizos. Os desempregados que proviñan deste sector chegaron a representar o 49,13% en xaneiro do 2004.

Evolución do paro por sectores económicos
xaneiro 2003-xaneiro 2005



Fonte: informe mensual do paro rexistrado. SGC

O seguinte grupo de parados en importancia é dos que proveñen da industria. Este colectivo chegou a representar en setembro do 2004 o 28,50% dos desempregados pacenses. A construción e o colectivo de persoas *sen emprego anterior* presentan uns valores bastante parellos, observándose unha maior variabilidade na cifra de desempregados que proveñen da construción, debido aos ciclos de actividade que soporta o sector. Os parados que proveñen da construción acadaron a porcentaxe máxima do 18,29% en febreiro do 2004, mentres que os sen emprego anterior facían en setembro de 2003 cun 18,8% do total de desempregados.



Por último, a agricultura presenta os valores máis baixos oscilando entre os 3 e os 10 desempregados. Este feito débese a que xeralmente o traballo neste sector faise a través de explotacións de tipo familiar onde non se soe empregar traballadores por conta allea o que fai que o volume de desempregados sexa baixo e estable no tempo.

A modo de conclusións poderíamos resaltar dúas características da poboación desempregada do concello que axudan a comprender a súa composición e evolución:

- Durante o período analizado a cifra de paro rexistrado experimentou un ascenso global do 11,67%
- A alta variabilidade das cifras de paro rexistrado son debidas á alta temporalidade no emprego e ao importante peso no emprego do sector servizos.
- O grande peso que ten o sector servizos dentro do emprego e a temporalidade dos seus contratos fai que a evolución das cifras de paro estean marcadas por unha elevada estacionalidade.
- O problema do desemprego ten unha especial incidencia nas mulleres e na poboación madura, pero a poboación moza é a que soporta as taxas de paro máis altas.

7.4 Promoción do Emprego

Nas últimas décadas, e motivado pola difícil situación do mercado do traballo, véñense desenvolvendo un conxunto de medidas para fomentar o emprego, dando prioridade ás medidas activas e preventivas sobre as pasivas e correctivas. Estas políticas activas concíbense como instrumentos para desenvolver a inserción laboral dos desempregados, a través de incrementar o nivel formativo da poboación activa, favorecer a adaptación da oferta de profesionais ás demandas de emprego existentes, fomentar a información e o asesoramento para a consecución de emprego e promover e incentivar a iniciativa empresarial e a contratación.

A nivel local, as directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia de *“implantar un dispositivo que axude a promover iniciativas e articular mecanismos para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego a nivel local desde a perspectiva de que existen novos filóns de emprego non explotados susceptibles de xerar novos postos de traballo, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do emprego”*.



A) Actividades desenvolvidas en relación as políticas activas de emprego

O concello de Pazos de Borbén non conta con ningún técnico de emprego pero a través dun convenio de cooperación coa Deputación Provincial de Pontevedra ten a oportunidade de que un técnico de emprego deste organismo se desprace unha vez por semana (os xoves pola mañá) ao concello para desenvolver actividades relacionadas coas políticas activas de emprego como son:

- Prospección dos recursos ociosos e infrautilizados no territorio, identificando novas actividades económicas susceptibles de xerar proxectos empresariais de promoción económica, así como iniciativas innovadoras que creen emprego.
- Elaboración e posta en práctica de plans de actuación que contribúan á dinamización socioeconómica no seu ámbito de influencia a prol da iniciativa emprendedora e da creación de emprego.
- Difusión e estímulo dos potenciais proxectos de creación de novas unidades produtivas entre desempregados, promotores e emprendedores, así como entre as posibles institucións colaboradoras.
- Acompañamento técnico dos proxectos emprendedores que xurdan no territorio na fase do seu lanzamento, así como dos promotores, durante as primeiras etapas de funcionamento das novas empresas, para facilita-la súa consolidación como negocios sostibles que xeren postos de traballo.
- Asesoramento ós desempregados, en estreita coordinación con outras unidades do Servicio Público de Emprego de Galicia, así como con outros organismos da Administración Autonómica, para propiciar un maior coñecemento dos servizos e instrumentos existentes en favor da súa inserción laboral e do seu desenvolvemento profesional.

B) Axudas e subvencións para a creación de emprego

En canto a axudas e subvencións en materia de emprego, o concello de Pazos non ten ningunha liña propia, pero o técnico de emprego asesora e xestiona as que ten a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, da Consellería de Traballo. Estas axudas están dentro das políticas activas encamiñadas a crear máis e mellores postos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste contexto, a Dirección Xeral de Promoción do Emprego planifica, coordina e xestiona diversos programas nos seguintes ámbitos:



- Incentivos á contratación por conta allea.
- Apoio a emprendedores: autónomos, economía social e iniciativas de emprego.
- Programas de cooperación.
- Escolas obradoiro e obradoiros de emprego.
- Programa Labora: Xuventude con experiencia.
- Programa de fomento da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

C) Accións de desenvolvemento rural

O concello de Pazos de Borbén está dentro do ámbito de actuación do PRODER II, que xestiona a Asociación de Desenvolvemento Rural da Mancomunidade de Vigo (ADR). Este proxecto basease na nova política europea de desenvolvemento rural, que propón establecer un marco coherente e duradeiro que garanta o futuro sostible das zonas rurais e contribúa ao mantemento e creación de emprego. Polo que se estableceu unha estratexia de desenvolvemento que persigue no seu conxunto un equilibrio territorial, medioambiental e socioeconómico.

Para iso a ADR considerou oportuno apostar firmemente pola utilización de novos coñecementos e tecnoloxías no medio rural, xa que na actualidade nos atopamos nos umbrais dunha nova revolución industrial. Polo que a estrutura adoptada parte de tres liñas directrices, interrelacionadas entre si e desenvolvidas en cinco ámbitos de actuación que se materializan a través de 10 actuacións diferentes que dan finalmente lugar a 20 accións concretas:

- **Liña directriz 1** - “Rede rural para o desenvolvemento das Novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (NTICs)”
 - Fomento do uso destas NTICs entre a poboación en xeral e as empresas, facilitándolle instrumentos, medios e asistencia.
- **Liña directriz 2** - “Mellora da competitividade mediante o uso das NTICs”
 - Reforzo das actividades existentes, incidindo nos subsectores agroforestal, turístico e comercio.
 - A creación de novas actividades mediante a potenciación dos sectores que están emerxendo na sociedade debido aos cambios nos modos de vida (acceso da muller ao emprego, maior tempo de ocio, avellentamento da



poboación, maior concienciación pola natureza, aparición de novos mecanismos de acceso ao traballo, etc.).

- Reforzo da identidade do territorio, realizando accións de promoción e valorización dos recursos, debido á variedade de espazos naturais, tradicións e patrimonio que posúe a área e que aínda están sen explotar.

- **Liña directriz 3** - “Servizos de proximidade”

- Un proxecto piloto baseado nos teleservizos económicos-administrativos, dando prioridade ao acceso á información pública, ás transaccións en liña coas administracións, aos procedementos de contratación dixital e aos servizos sociais e culturais.

O obxectivo principal é conseguir un desenvolvemento sostido dos espazos rurais da Área de Vigo a través dun enfoque global e integrador que evite as disparidades territoriais que se están producindo. Si ben, este obxectivo xeral se pode concretar nuns máis específicos que se detallan de seguido:

- Reducir o illamento que sofre a poboación do medio rural, así como axudar a diminuír os desequilibrios espaciais.
- Afianzar as relacións tanto económicas como sociais.
- Revalorizar os recursos endóxenos das distintas zonas que conforman a área de Vigo tendo en conta as especificidades de cada unha delas.

8. ECONOMÍA E SECTORES ECONÓMICOS

Neste apartado imos estudar a economía e os sectores de actividade económica do concello de Pazos de Borbén dende a perspectiva da renda dos seus habitantes e do número e tamaño das empresas que realizan a súa actividade no concello. Para iso empregouse a información estatística sacada do servidos estatístico do IGE, referida a número de empresas e tamaño das mesma (central de balances), así como ao imposto sobre a renda das persoas físicas.

Os apartados nos que se estrutura esta sección son os seguintes:

- Nivel de renda, onde se analiza os principais indicadores de renda do concello, comparándoos cos da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Estes indicadores están sacados do imposto da renda das persoas físicas, do que se obtén o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramo de base imponible do imposto, o rendemento medio declarado e a procedencia das rendas declaradas.



- Sectores produtivos e actividades económicas, no que se fai unha análise, sector por sector, das actividades empresariais máis características do concello.

8.1 Nivel de renda e outros parámetros de desenvolvemento

Para o nivel de renda do concello de Pazos de Borbén empregáronse as estatísticas do imposto da renda das persoas físicas subministradas polo IGE. Estas estatísticas correspóndense os exercicios fiscais que van do ano 1999 ao 2003 e nelas podemos observar o número de declarantes, a porcentaxe de declarantes por tramos renda, o rendemento medio declarado no concello e a procedencia das rendas obtidas (traballo, actividades empresariais, actividades profesionais e outros). Os datos obtidos son un indicador dunha porción da renda do concello (a que se declara no imposto da renda) e polo tanto permítenos ter unha referencia sobre o nivel de riqueza, ademais de poder facer comparacións coa AMV, Pontevedra e Galicia, pero hai que ter en conta que dentro do imposto da renda hai importantes conceptos de renda que non están dentro do feito imponible e que polo tanto non están recollidos dentro da definición de base imponible, como son as pensións de invalidez, viuvez ou orfandade, entre outras.

En canto ós outros parámetros de desenvolvemento, aquí imos empregar os índices calculados polo servizo de estudos económicos de La Caixa, como son o nivel económico e os índices de actividade, entre os que están o índice turístico, o índice de restauración e bares, o índice industrial, o índice comercial e o índice de actividade económica.


A) Nivel de renda

O Concello de Pazos de Borbén tiña 726 declarantes no ano 2003 o que supuña o 0,41% das persoas declarantes da área metropolitana. Esta cifra estivo a medrar nos últimos anos, pasando dos 575 do ano 1999, ós 726, anteriormente comentados, do ano 2001, o que supuxo un crecemento de 151 persoas, é dicir, un 26,26%.

Se analizamos a distribución por tramo de renda das persoas declarantes de Pazos de Borbén, podemos observar como a maior parte dos mesmos está nos tramos máis baixos de renda, o que é indicativo dun nivel de riqueza baixo. É dicir, o 76,31% das persoas que fixeron a súa declaración do ano 2003 teñen unha base imponible inferior ós 12.000 €, feito que non pasa no territorio da AMV, nin en Pontevedra nin en Galicia, onde a porcentaxe de declarantes que están por debaixo desta renda non chega ao 60%. Deste xeito o rendemento medio declarado no concello de Pazos de Borbén está moi por debaixo da media da área metropolitana e de Galicia, situándose en 9.268,16 €, o que supón o 58,66% da AMV, o 64,44% de Pontevedra e o 66,67% da galega.




Porcentaxe de número de declarantes por tramos de base imponible
Ano 2003



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Por outra banda, se nos fixamos na procedencia das rendas pacenses, tal e como se aprecia na gráfica anterior, podemos observar como máis do 80% das mesmas proceden do traballo, valor este que está moi parecido ao da área metropolitana, Pontevedra e Galicia. Por detrás del, pero xa a moita distancia, están os ingresos de actividades profesionais e os cualificados como outros, nos que se recollen os producidos pola cesión ou arrendamento de bens ou capitais, entre outros, e que supoñen o 4,74% e o 4,14% da renda declarada, respectivamente. Por último as rendas que proveñen de actividades empresariais están no 3,04%.

Porcentaxe de rendementos declarados segundo a súa procedencia
Ano 2003



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE



B) Outros parámetros de desenvolvemento

Os parámetros de desenvolvemento do concello de Pazos de Borbén foron os seguintes:

Outros parámetros de desenvolvemento Ano 2003			
Concello	Pazos de Borbén	Pontevedra	Galicia
Nivel económico	3	4	4
Índice industrial	2	1792	6159
Índice comercial	2	2085	6088
Índice comercial polo xunto	3	2294	6347
Índice comercial polo miúdo	2	1962	5936
Índice de restauración e bares	3	2056	6499
Índice turístico 2003	0	1137	3095
Índice turístico 1998	0	1158	2959
Índice actividade económica 2003	1	1763	5484
Índice actividade económica 1998	1	1765	5679

Fonte. Anuario económico de España. Servizo de estudos de La Caixa

Nivel económico

No anuario económico do 2005, o servizo de estudos económicos calcula o nivel económico por concello tendo en conta o nivel de renda do mesmo e outros parámetros de desenvolvemento (liñas telefónicas, liñas RDSI e ADSL por habitante, proporción de poboación con estudos superiores sobre, proporción de poboación en postos de traballo cualificados, taxa do total de demandas de emprego sobre a poboación de 15 e máis anos, distancia media de cada concello á súa cabeceira da área comercial ou prezo medio do metro cadrado da vivenda). Estes datos correspóndense co ano 2003.

Este índice ten 10 niveis diferentes:

Niveis	Renda familiar dispoñible por habitante, en euros
1	Ata 7.200
2	7.200 - 8.300
3	8.300 - 9.300
4	9.300 - 10.200
5	10.200 - 11.300
6	11.300 - 12.100
7	12.100 - 12.700
8	12.700 - 13.500
9	13.500 - 14.500
10	Máis de 14.500



O concello de Pazos ten un nivel económico de 3, o que o sitúa no estrato de 8.300 a 9.300 euros, por debaixo do da provincia e da comunidade autónoma, que están no nivel 4.

Índice turístico

Índice comparativo da importancia turística de cada concello, referido a 2003. Obtense en función da cota ou imposto de actividades económicas (IAE), que se basea á súa vez na categoría dos establecementos turísticos, número de habitacións e ocupación anual (todo ou parte do ano); polo que constitúe practicamente un indicador da oferta turística.

O valor do índice indica a participación (en tanto por 100.000) que corresponde a cada municipio sobre unha base nacional de 100.000 unidades (total euros recadación imposto = 100.000).

Para o concello de Pazos de Borbén este índice acadou un valor de 0, o que indicativo do escaso peso que ten o turismo no concello, que por outro lado non conta apenas con infraestrutura no sector.

Índice de restauración e bares

A importancia das actividades de restauración e bares (restaurantes, cafeterías, bares, etc.) mídese tamén de xeito comparado (entre comunidades autónomas, provincias e concellos), a través de números índices. O índice de restauración e bares calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE para o ano 2003. A base do mesmo é total nacional equivalente a 100.000 unidades, de xeito que se reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) do concello dentro do global nacional.

Este índice acadou un valor de 3 no ano 2003, o que é indicativo da baixa actividade do sector. Ademais se comparamos este valor está cos de Pontevedra e Galicia, dámonos conta do pouco peso do concello no contexto, xa que sobrepasaron nestes dous territorios os 2000 e 6000 puntos, respectivamente.

Índice industrial

Índice comparativo da importancia da industria (incluída a construción) referido a 2003. Calcúlase en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE da industria (incluída a construción) e ten como base 100.000 unidades, de tal xeito que o valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria do concello dentro do total de España.

O valor deste índice no concello de Pazos de Borbén foi de 2, o que ven a representar a baixa actividade industrial que ten o concello e o pouco peso do mesmo a nivel provincial e autonómico, posto que para Pontevedra e Galicia, o índice superou os 1700 e 6000 puntos, respectivamente.



Índice comercial

O índice comercial subdivídese en dous índices:

- Índice do comercio polo xunto
- Índice do comercio polo miúdo

Estes índices calcúlanse en función da cota tributaria (cota de tarifa) do IAE correspondente ao ano 2003 do comercio polo xunto (índice do comercio polo xunto), do comercio polo miúdo (índice do comercio polo miúdo) e do comercio polo xunto e polo miúdo conxuntamente (índice comercial). O valor do índice reflicte o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade comercial do concello con respecto ao global estatal.

O índice comercial do concello é de 2, tanto a nivel global como para o comercio polo miúdo. No comercio polo xunto é de 3. Este valor ven indicar a pouca importancia do mesmo no contexto provincial e autonómico, posto que en Pontevedra acadáronse valores que roldan o 2000 e en Galicia a cifra están en torno ao 6000.

Índice de actividade económica

Índice comparativo da actividade económica municipal do ano 2003. Obtense en función do imposto correspondente (IAE) ao total de actividades económicas empresariais (industriais, comerciais e de servizos) e profesionais. O valor do índice expresa dita importancia da actividade económica sobre unha base nacional de 100.000 unidades, equivalente ao total de ditas cotas tributarias empresariais e profesionais.


En Pazos de Borbén o índice acadou no ano 2003 un valor de 1, moi lonxe dos presentados por Pontevedra e Galicia, que superaron os 1700 e 5600 puntos, respectivamente. Isto é indicativo do pouco peso relativo do sector industrial do concello dentro do contexto provincial e autonómico.

8.2 Sectores produtivos e actividade económica

Para estudar os sectores produtivo e a actividade económica do Concello de Pazos botouse man das estatísticas do directorio de empresas do IGE, no que se recollen as empresas con sede social en Galicia ou fóra de Galicia que realizan algunha actividade económica no noso territorio. Para iso, as estatísticas recollen información do Imposto de actividades económicas (IAE), do Rexistro Mercantil e do rexistro de contas de cotización e autónomos da seguridade social. Polo tanto non se recolle información sobre determinados sectores ou actividades económicas, como son a agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e administración pública. Para analizar este sector empregouse o censo agrario de 1999, onde se recolle información diversa sobre as explotacións que o integran.




A pesar diso, as estatísticas do IGE proporcionan unha información relevante sobre o número de empresas e o tamaño de cada unha delas por estrato de asalarados, o que nos vai dar un indicativo da importancia relativa de cada un dos sectores de actividade económica.



O Concello de Pazos de Borbén contaba no ano 2003 con 96 empresas, o que representa o 0,34% do número de empresas da AMV. Isto é bastante significativo do pouco peso que ten a economía do concello dentro da área. Malia isto, o número de empresas mantivo unha tendencia alcista durante o período 1999-2003, incrementándose en 10 novas entidades, o que supón un crecemento do 11,63% e representa unha pequena alza na actividade do concello.

A maior parte destas empresas están dentro do sector servizos, que aglutina a 54 empresas, e representa o 66,67% do total. Aínda así, esta proporción é inferior as manifestadas pola área metropolitana (81,16%), Pontevedra (78,42%) e Galicia (77,74%). Por detrás, está a construción, con 19 empresas o que supón o 29,79% das empresas do concello. E por último, a industria, que conta con 13 empresas e representa o 13,54% do empresariado.



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE



Ademais do número de empresas tamén é importante determinar o tamaño das mesmas. Neste senso cabe dicir que, no ano 2003, o 92,71% das entidades empresariais pacenses tiñan un tamaño que as podería catalogar como microempresas (0 a 9 asalariados), e o 7,29% restante tiña a catalogación de pequena empresa (10 a 49 asalariados).

Por outra banda, se nos fixamos na forma xurídica das empresas, temos que os autónomos son maioría, representando o 67,71% do total. Mentres que as sociedades limitadas, que é a outra forma que adoita escoller o empresariado do concello, supuña o 25%. Ademais, había 1 S.A., 2 cooperativas e 4 empresas con outra forma xurídica.

Resumindo, se queremos caracterizar á empresa tipo do concello de Pazos de Borbén, teríamos que dicir que se trata dun autónomo que realiza unha actividade englobada no sector servizos e que ademais a penas contrata traballadores. Isto trae como resultado un enramado empresarial de pequeno tamaño e cun mercado moi reducido, sendo a escala de actuación practicamente local.

A) Sector primario

O sector primario comprende as actividades de extracción directa de bens da natureza, sen transformacións. Normalmente, enténdese que forma parte do sector primario a minaría, a agricultura, a gandería, a silvicultura e a pesca.

Para analizar este sector empregáronse os datos do censo agrario de 1999, que aportaron información sobre número de explotacións, idade dos titulares e composición da cabana gandeira.


Agricultura e gandería

No ano 1999, o censo agrario de Pazos, indicaba que había unhas 580 explotacións dedicadas as labores agrogandeiras, empregando a 980 persoas entre titulares (569), cónxuxes (277) e axudas familiares (134). O 99,48% destas explotacións teñen terras para o desenvolvemento da súa actividade, e o 0,52% carecen de terras e polo tanto desenvolven a súa actividade en cortes (granxas avícolas e porcinas fundamentalmente). Este dato choca nun principio co aportado polo censo de poboación e vivenda do ano 2001, onde se dicía que había 41 persoas empregadas na agricultura, pero hai que ter en conta que estas dúas fontes empregan unha metodoloxía distinta e dentro do número que manexa o censo agrario hai moitas persoas que fan da agricultura unha fonte secundaria de ingresos ou que están xubiladas e aínda manteñen unha certa actividade agrogandeira.

En canto aos titulares das explotacións, cabe salientar que o 67,31% dos mesmos teñen unha idade superior aos 55 anos, sendo ademais o 40,07% persoas con máis de 65 anos. Se a isto lle sumamos o feito de que tan só o 4,04% dos titulares das explotacións teñen menos de 34 anos, obtense un panorama onde se está a producir un avellentamento da poboación dedicada ás labores agrarias,




ademais do feito de que non existe un relevo xeracional da mesma, o que trae consigo unha situación de abandono das tarefas agrarias e un transvase de emprego cara a outros sectores económicos como poden ser os servizos ou a construción. Este transvase vense producindo dende os anos 70 pero tivo especial incidencia na década dos 80 e 90, coincidindo coa crise demográfica do medio rural.



Fonte: Censo agrario. INE

Pazos de Borbén conta cunha cabana gandeira de 576 cabezas, onde os bovinos e os ovinos teñen un peso moi importante, posto que o 35,24% e o 27,43% do gando pertence a este grupo. A estes dous, séguenlle os porcinos cun 13,54%, e o resto das especies teñen unha importancia bastante residual, constituíndose na maioría dos casos en actividades complementarias da explotación gandeira, é dicir, son unha fonte máis de autoabastecemento.



Fonte. Censo agrario. INE

En conclusión poderíamos dicir que o sector agrogandeiro de Pazos de Borbén ten un marcado carácter de autoabastecemento, xa que as explotacións adoitan ter un tamaño pequeno e as súas



produccións non están orientadas cara o mercado, senón que o fan cara o mantemento da propia explotación.

Forestal

No que se refire o réxime de propiedade da terra, hai que dicir que a fórmula maioritaria no concello é a de monte mancomunado, que ocupa o 46% da superficie total do concello.

Número e superficie das comunidades de montes veciñais en man común

Concello	Nº CMVMC	Superficie HA.	% respecto á súa superficie
Pazos de Borbén	8	2.806,00	46,00

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Medio Ambiente. Ano 2003

As comunidades de montes veciñais en man común que están constituídas teñen carácter parroquial e xestionan unha gran cantidade de recursos forestais, nos que destacan como especies arbóreas máis representativas o pino e o eucalipto.

Os traballos de reforestación e de tala de madeira son levados a cabo por empresas de fóra do concello non existindo ningunha empresa radicada en Pazos que faga este tipo de traballo, a pesar do potencial que ten o concello.

Minaría


Segundo datos subministrados pola Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria no concello non existe ningunha explotación mineira dedicada á extracción de recursos minerais.

B) Sector secundario

O sector secundario refírese ás actividades que implican transformación de alimentos e materias primas a través dos máis variados procesos produtivos. Normalmente inclúense neste sector a siderurxia, as industrias mecánicas, a química, o téxtil, a produción de bens de consumo, etc., así como, a construción, aínda que, debido á súa importancia, se pode contabilizar aparte. Neste apartado imos facer unha análise do sector desagregando os datos polos subsectores da industria e da construción, e analizando o número de empresas, tamaño e emprego xerado.



Número de empresas do sector secundario
1999-2003



Fonte: central de balances. IGE

En Pazos de Borbén as dúas actividades que compoñen o sector secundario, a construción e a industria, teñen un peso moi similar. No ano 2003 a construción contaba con 19 empresas, e a industria con 13. Ademais as dúas estiveron a medrar nos últimos 5 anos, de xeito que no período 1999-2003, o aumento foi de 1 empresas para o sector industrial e de 3 para a construción, o que supuxo un crecemento do 8,33% e do 18,75%, respectivamente.

Industria

A industria do concello de Pazos de Borbén estaba conformada, no ano 2003, por 13 empresas que aglutinaban o 28,57% de emprego do concello e representaban o 13,54% do censo empresarial. Este subsector, como xa se comentou anteriormente, estivo medrando no que se refire ao número de empresas e emprego xerado, sendo a taxa de crecemento do 8,33% no período 1999-2003, no caso do número de entidades, e de 9,94 puntos porcentuais no período 1996-2001, para o emprego xerado polas mesmas.

Estas 13 empresas supoñen o 0,68% do censo de empresas industriais da área metropolitana, o que é significativo do pouco peso que ten a industria pacense dentro do contexto da área. Ademais se o comparamos co peso demográfico do concello, pódese observar como aínda é menor, posto que a poboación do concello supuña o 0,68% da poboación da AMV, no ano 2004.

Se analizamos a composición deste sector, podemos ver como as actividades se reparten en:



Actividade	Nº de empresas
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	1
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	4
Fabricación de material de transporte	4
Industria da madeira e da cortiza	4

Fonte: central de balances. IGE

Habendo un equilibrio entre as actividades de *metalurxia e fabricación de produtos metálicos, fabricación de material de transporte e industria da madeira e da cortiza, con 4 empresas cada un deles*. As industrias da alimentación, bebidas e tabaco teñen unha presenza testemuñal no concello, posto que só hai unha empresa destas características.

As empresas que compoñen este sector teñen unha dimensión moi reducida posto que o 76,92% delas teñen menos de 6 empregados, podendo cualificarse como microempresas. O resto das empresas poden ser cualificadas como pequenas empresas posto que ningunha delas pasa dos 50 empregados. Ademais, a forma xurídica máis empregada polo empresariado deste sector foi a de autónomo, que supuña o 46,15% do total, mentres que as sociedade limitadas representaban o 41,66% e as cooperativas o 12,19%.

Construción

O sector da construción do concello de Pazos de Borbén está composto por 19 empresas, que aglutinan ao 19,55% dos ocupados do concello e supoñen o 19,79% do censo empresarial. Ao igual que a industria, este sector estivo a medrar nos últimos anos tanto en emprego como en número de empresas. En emprego o crecemento foi do 4,81 puntos porcentuais no período 1996-2001, mentres que o incremento do censo empresarial foi do 18,75% entre o ano 1999 e o 2003.


As empresas de Pazos de Borbén que integran este sector dedícanse fundamentalmente a instalación de edificios e obras e teñen un tamaño bastante reducido, posto que o 94,74 non contrata máis de 5 empregados, podendo cualificarse como microempresas. Ademais 12 destas empresas teñen a forma xurídica de autónomos, o que explica a pouca contratación do sector posto que normalmente se trata de autoemprego do propio empresario.

C) Sector terciario

O sector terciario engloba as actividades que utilizan distintas clases de equipos e de traballo humano para atender as demandas de transporte, comunicacións e actividades financeiras como a



banca, a bolsa, os seguros, etc. Para estudar este sector ímolo subdividir en 5 subsectores: hostalería, comercio polo miúdo, comercio polo xunto, transporte e outros servizos (que inclúe actividades inmobiliarias, intermediación financeira, educación, sanidade e servizos prestados a comunidade).



Fonte: central de balances. IGE

Neste sector a actividade que conta cun maior número de empresas era no ano 2003 a da hostalería con 22, seguida do comercio polo miúdo con 22, dos outros servizos (seguros, intermediación financeira, etc.) con 8, do comercio polo xunto con 7, e do transporte con 5.

En canto ao emprego, hai que dicir que no censo de poboación do 2001 a poboación ocupada nos servizos supuña o 46% do total, o que representa o primeiro sector de actividade do concello por volume de emprego. Pola contra o emprego no sector experimentou un descenso no período 1996-2001 tanto no número de ocupados como no seu peso relativo no mercado de traballo do concello, baixando en 1 persoa o número de ocupados e en 8,23 puntos porcentuais a súa representación no mercado de traballo do concello.

Ao observar a evolución do sector en número de empresas, pódese ver como durante o período 1999-2003 o número de empresas experimentou un leve aumento, posto que pasou de 61 a 64 empresas, o que supón unha medra do 4,92%. Dentro do sector as subas producíronse no comercio polo miúdo (+5), na hostalería (+2) e no comercio polo xunto (+2), mentres que as baixadas se produciron nos outros servizos (-3) e nos transportes (-3).

En canto ao tamaño das empresas do sector, pódese dicir que a maioría das empresas do sector son microempresas posto que o 95,31% non pasa dos 9 asalariados e o resto está no intervalo de 10 a 49 asalariados. Isto que configura un panorama onde o autoemprego é a tónica dominante, posto que a forma xurídica que predomina é a de autónomo con 47 empresas, o que representa o 73,43% do total, mentres que para as sociedades limitadas, que é a outra forma elixida, existen 13 empresas.



Hostalaría

No subsector da hostalaría están recollidos os hoteis, pensións, cámpings, restaurantes, establecementos de bebidas (bares e cafeterías), así como os comedores colectivos. Este subsector integra a 22 empresas, o que supón o 34,37% do censo de empresas de servizos do concello e fai que ocupe o primeiro posto por número de empresas, xunto co comercio polo miúdo. Ademais a hostalaría estivo crescendo en número de empresas durante o período 1999-2003, pasando de 20 a 22, o que supuxo unha medra do 10%, converténdose no terceiro subsector que máis creceu dentro do terciario.

As empresas de Pazos de Borbén que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Restaurantes	7
Establecementos de bebidas	14
Comedores colectivos e provisión de comidas preparadas	1

Fonte: central de balances. IGE

O tamaño que soen ter estas empresas é reducido posto que o 95,45% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 81,82% das mesmas están en mans de autónomos.

Comercio polo miúdo

O subsector do comercio polo miúdo engloba as actividades de venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor, comercio polo miúdo, agás o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, así como, a reparación de efectos persoais e utensilios domésticos.

O subsector ocupa o primeiro lugar, compartido coa hostalaría, en número de empresas e durante o período 1999-2003 o subsector estivo gañando empresas, pasando de 17 a 22, o que supuxo unha medra do 29,41%, convertendo ao subsector no primeiro en crecemento absoluto e o segundo en crecemento relativo, soamente por detrás do comercio polo xunto.

As empresas de Pazos de Borbén que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Mantemento e reparación de vehículos de motor	2
Venda polo miúdo de carburantes para a automoción	1
Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	6
Comercio polo miúdo de alimentos, bebidas e tabaco en establecementos especializados	6
Comercio polo miúdo de produtos farmacéuticos, artigos médicos, beleza e hixiene	1
Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	3
Comercio polo miúdo non realizado en establecementos	3

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que a totalidade das mesmas poden ser catalogadas como microempresas, posto que ningunha pasa dos 9 asalariados. Ademais, se nos fixamos na forma xurídica temos que o 81,82% teñen a consideración de autónomos, polo que se podería dicir que o autoemprego constitúe a característica básica deste subsector.

Comercio polo xunto

O subsector do comercio polo xunto engloba as actividades de intermediarios do comercio, comercio polo xunto de materias primas agrarias e de animais vivos, comercio polo xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco, comercio polo xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios, comercio polo xunto de produtos non agrarios semielaborados, chatarra e produtos de refugallo, comercio polo xunto de maquinaria e equipo e outro comercio polo xunto.

O subsector ocupa o terceiro lugar en número de empresas e durante o período 1999-2003 o subsector estivo medrando, pasando de 5 a 7, o que supuxo un avance do 40%, facendo que o subsector fose o primeiro en crecemento relativo.

As empresas de Pazos de Borbén que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:



Actividade	Nº de empresas
Comercio polo xunto de materias primas agrarias e de animais vivos	1
Comercio polo xunto de produtos alimenticios, bebidas e tabaco	2
Comercio polo xunto de produtos de consumo, distintos dos alimenticios	4

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas deste sector, cabe dicir que o 85,71% poden ser catalogadas como microempresas, posto que non pasa dos 9 asalariados e soamente hai unha empresa que ten entre 10 e 19 empregados.

A forma xurídica máis empregada no subsector é a de sociedade limitada, que se corresponde co 57,14% dos casos. A de autónomos é a outra forma empregada e acada o 42,86% das empresas do comercio polo xunto.

Transporte

O subsector do transporte engloba as actividades de transporte terrestre, transporte por tubos, transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores, transporte aéreo e espacial, actividades anexas ós transportes, actividades de axencias de viaxes, e actividades de correos e telecomunicacións. Este subsector conta con 5 empresas e mantivo unha senda descendente no censo empresarial durante o período 1999-2003, posto que pasou de 8 a 5 empresas, o que supuxo unha recesión do 37,5%.

As empresas de Pazos de Borbén que compoñen este subsector no ano 2003 repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Outros tipos de transporte terrestre	4
Transporte por tubos	1

Fonte: central de balances. IGE

As entidades que están dentro doutros transportes refírense a empresas que realizan transporte por estrada por medio de camións ou tráileres, polo tanto estamos a falar de empresarios autónomos que teñen o seu propio vehículo e realizan traballos para outras empresas. Estes empresarios non soen contratar asalariados e, polo tanto, tratase dunha forma de autoemprego.



En canto as actividades de transporte por tubos, trátase dunha sociedade limitada que se dedica a distribución de gas a través dun gasoduto que pasa polo concello.

Outros servizos

O subsector de outros servizos engloba as actividades de intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugueiro, servizos empresariais, educación, actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, así como actividades de prestación de servizos persoais.

Este subsector experimentou un retroceso durante o período 1999-2003, posto que pasou de ter 11 a 8 empresas, o que supuxo unha caída do 27,27% situou ao subsector no terceiro posto do sector servizos.

As empresas de Pazos de Borbén que compoñen este subsector repártense nas seguintes actividades:

Actividade	Nº de empresas
Actividades auxiliares da intermediación financeira	1
Actividades inmobiliarias	1
Alugueiro de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	2
Outras actividades empresariais	1
Educación	1
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	1
Actividades diversas de servizos persoais	1

Fonte: central de balances. IGE

En canto ao tamaño das empresas, temos que dicir que 87,5% delas non pasa dos 9 asalariados, polo que se poden catalogar como microempresas. Ademais se nos fixamos na forma xurídica das mesmas, temos que o 50% son autónomos, o 37,5% son sociedades limitadas e tan só hai unha que está clasificada como outra forma xurídica (comunidade de bens, sociedade colectiva, etc.).



9. TERCEIRO SECTOR

Segundo datos facilitados polo concello de Pazos de Borbén, en xaneiro de 2006, o concello contaba con 24 asociacións activas, inscritas no seu rexistro. Segundo a tipoloxía recollida no cadro, a maioría son “asociacións de veciños”, e “asociacións culturais”, contando con 6 en cada unha destas categorías. Ademais hai 4 asociacións deportivas e 2 encadradas dentro da categoría de animación sociocultural. O concello conta ademais cunha asociación de mulleres rurais, outra que representa ao colectivo inmigrante, a asociación de integración “Galego-Brasileira”. As restantes categorías incluídas na táboa contan tamén cunha asociación.

Tipoloxía e número de asociacións non lucrativas en Pazos de Borbén.

Ano 2006

Tipo de asociación	Nº de asociacións
Cultural	6
Animación sociocultural	2
Inmigrantes	1
Mulleres	1
Pais de alumnos	1
Veciños	6
Deportivas	4
Pacifistas/ Cooperación Internacional	1
Terceira idade/ Xubilados / Pensionistas	1
Outras	1
TOTAL	24

Fonte: Concello de Pazos de Borbén.



10. DAFO XERAL DE PAZOS DE BORBÉN

DEBILIDADES	AMENAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Mal estado das vías comunicacións internas (estreitas e con mal firme) • Dispersión dos asentamentos motivado polo relevo montañoso do territorio • Monocultivo forestal de especies traídas de fora (eucalipto e piñeiro) en detrimento das autóctonas, o que xera un aproveitamento pouco sostible dos recursos naturais • Crise das actividades agrarias • Escaso aproveitamento dos recursos patrimoniais • Dispersión dos recursos patrimoniais, etnográficos e arqueolóxicos • Falta de sensibilización da poboación local para a conservación dos bens naturais e patrimoniais do concello • Escasa sensibilización do organismo municipal ante determinadas actuacións contra o medio ambiente • Insuficiencia dos equipamentos existentes e dos servizos sociais para a poboación • Escasa oferta hostaleira e hoteleira • Avellentamento continuo de poboación e fuxida da poboación nova cara outras áreas máis dinámicas • Saldo migratorio negativo • Falta de atractivos para a fixación da poboación nova (actividade laboral, servizos, accesibilidade á vivenda) • Baixo nivel formativo da poboación en xeral, con maior incidencia no colectivo feminino • Escaso número de vivendas en alugueiro • A poboación local identifica como un dos problemas a falta de limpeza nas rúas • Baixa taxa de actividade e ocupación, especialmente feminina • Excesiva dependencia do sector servizos • Altas taxas de temporalidade e estacionalidade no emprego • Avellentamento e abandono das actividades agrogandeiras sen que haxa relevo xeracional que determina unha baixa porcentaxe de ocupados no sector • Baixo nivel de renda dos residentes • Tamaño reducido das explotacións e empresas 	<ul style="list-style-type: none"> • Presión demográfica que exerce a cidade de Vigo e a súa área metropolitana máis próxima • Explotación irracional dos recursos forestais e aumento dos incendios • Impacto negativo na construción de infraestruturas viarias • Inexistencia de medidas por parte das administracións que favorezan a fixación de poboación nova no rural • Falta de recoñecemento por parte da Administración competente para a protección dos espazos naturais do concello



<ul style="list-style-type: none"> • Falta de profesionalización na xestión das comunidades de montes • Desaproveitamento das axudas en materia de promoción do emprego e desenvolvemento local • Insuficiencia de persoal técnico estable dedicado á tarefas de desenvolvemento local 	
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Proximidade a núcleos urbanos de elevada densidade demográfica dentro da provincia de Pontevedra • Existencia de grandes superficies forestais • Bo estado de conservación dalgúns espazos rurais e do seu patrimonio arquitectónico • Baixa densidade demográfica fronte a outras áreas máis urbanizadas • Aumento da poboación inmigrante • Elevado número de vivendas baleiras • Característica edificativa dalgunhas vivendas tradicionais, con numerosas casas de indianos baleiras e ben conservadas no núcleo de Moscoso • Existencia de espazos naturais de especial valor ecolóxico e ambiental • Importante rede hidrográfica cunha boa calidade das augas así como un rico valor ecolóxico, natural e etnográfico (ríos Alvedosa, Pequeno e Nespereira) • Existencia dunha intensa rede de camiños e pistas de monte desaproveitadas para uso de actividades de contacto coa natureza • Abondosa presenza de xacementos arqueolóxicos presentes en todo o concello (gravados rupestres, castros, mámoas, etc.) • Existencia de recursos patrimoniais ben conservados e de especial interese cultural e arqueolóxico (muíños, pontes, casas e igrexas) • Proximidade a zonas de importante atracción turística • Existencia de zonas de cultivo tradicional de viñedo • Existencia dun polígono industrial consolidado e con posibilidades de ampliación que trouxo con sigo un aumento da actividade do sector • Existencia de proxectos de mellora das vías de comunicación que levan cara o concello • Sensación de seguridade e tranquilidade por parte da poboación local 	<ul style="list-style-type: none"> • Posibilidade de converterse nunha zona residencial da área de Vigo • Integración na futura Área Metropolitana de Vigo • Cambio na demanda das actividades de lecer por parte dos visitantes, primando cada vez máis as relacionadas coa natureza e o tempo libre, primando os espazos interiores próximos ao mar • Diversificación da oferta turística da área metropolitana, centrada basicamente no turismo vinculado ao mar, ofrecendo espazos naturais de montaña con recursos etnográficos de interese • Existencia de Leis para garantir, conservar e velar pola defensa do patrimonio etnográfico, arqueolóxico e natural • Cambio na orientación das políticas desenvolvidas na Administración Autonómica primando as relacionadas co desenvolvemento rural sostible • Existencia de políticas públicas que favorecen a inserción laboral de mulleres • Existencia de políticas autonómicas e plans de fomento do autoemprego a nivel local, a través de cursos de formación e axudas para creación da propia empresa • Posibilidade de que se leven a cabo actuacións que favorezan o uso de terras abandonadas para favorecer a fixación da poboación moza e a posta en marcha de explotacións viables



- Existencia de programas de desenvolvemento rural PRODER II
- Existencia do proxecto CONTA CON ELAS da MAIV dirixido a mellorar a inserción laboral da muller

11. PROPOSTAS E ACTUACIÓNS

1. Mellora e ampliación do firme das estradas locais que conectan os diferentes núcleos entre si
2. Realización dun plan de conservación do entorno do río Barragán, con actuacións que inclúan a recuperación e conservación no patrimonio cultural e etnográfico, de xeito que o concello ofrezca atractivos á poboación local, á da AMV e demais visitantes. Este tipo de actuacións integrais poderían ser abordadas dende unha óptica supramunicipal, conxuntamente co concello de Fornelos de Montes
3. Planificación, a través dos plans de ordenación do monte e a profesionalización das comunidades de montes, para un aproveitamento sustentábel dos recursos forestais, á rexeneración das áreas degradadas polos incendios forestais e a actuación humana, á repoboación e substitución das especies arbóreas foráneas por especies autóctonas, con especial incidencia nas áreas de especial interese natural
4. Realización dunha campaña de sensibilización dirixida á poboación local para promover a revalorización dos recursos propios
5. Sinalización dos recursos de especial interese patrimonial e natural
6. Aproveitamento e recuperación da intensa rede de camiños e pistas para a creación de sendeiros naturais que comuniquen os diferentes recursos
7. Mellora do entorno da praia fluvial do río Louro no lugar de Outeiro, parroquia de Nespereira
8. Habilitación e acondicionamento de zonas do río Barragán para a práctica de pesca deportiva
9. Creación de material de difusión e dunha campaña de promoción dos recursos do territorio, con especial incidencia na utilización de novas tecnoloxías (internet, asistencia a feiras, etc.)
10. Estudio de necesidades para a implantación de servizos sociais para a infancia, poboación maior, etc.



11. Establecemento de servizos de información e asesoramento dirixidos á poboación inmigrante e aos emigrantes retornados
12. Recuperación e rehabilitación das vivendas de especial interese arquitectónico (casa de indianos, casas grandes, etc.) e próximas a algún tipo de recurso para o deseño de produtos turísticos e creación de infraestruturas hoteleiras (casas rurais, hoteis con encanto, etc.)
13. Establecemento de políticas que faciliten o acceso á vivenda en propiedade ou alugueiro á xente moza
14. Creación dunha liña de axudas para a reconstrución e rehabilitación das vivendas tradicionais, respectando a tipoloxía da súa edificación
15. Establecer programas formativos e de emprego nos que a poboación feminina sexa a principal beneficiaria das accións
16. Desenvolvemento da concentración parcelaria para favorecer a posta en marcha de explotacións máis viábeis segundo o mercado actual co fin de evitar a degradación dos solos agrarios
17. Creación dun banco de terras que favoreza o acceso a elas ás persoas que desexen desenvolver novas iniciativas agrogandeiras
18. Realización dun estudo de viabilidade para o fomento e mellora da explotación do cultivo da vide para a súa comercialización valorando a posibilidade de integración do concello dentro da Denominación de Orixe Rías Baixas
19. Creación dun programa de xestión municipal para fomentar o aproveitamento dos recursos forestais, que actualmente se atopan reducidos á explotación madeireira
20. Contar cun grupo organizado e estable durante todo o ano de persoas formadas e capacitadas para levar a cabo medidas de prevención e extinción de incendios forestais
21. Fomento das actividades e oficios artesanais como unha actividade alternativa de emprego para a poboación moza a través da creación ou recuperación de obradoiros
22. Reorientación das explotacións agrogandeiras cara o mercado de traballo a través de concentración das terras, fomento do cooperativismo e orientación das producións cara o mercado para favorecer o relevo xeracional no campo

